



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

Rúa Alcalde Juan Seijas s/n 15175 Carral (A Coruña)

881880446

ceip.vicente.otero@edu.xunta.gal

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvicenteotero/>

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

CURSO 2023/2024



Data aprobación polo Claustro de Profesorado: 2 de outubro de 2023

Data aprobación polo Consello Escolar: 2 de outubro de 2023

Data remisión a Inspección Educativa: 3 de outubro de 2023

Carral, a 3 de outubro de 2023


A Directora



Iria Sánchez Prieto



A Secretaria



Olalla Sande Blanco

ÍNDICE

| | |
|---|----|
| 1. DATOS DO CENTRO | 2 |
| 2. DEPENDENCIAS DO CENTRO | 3 |
| 3. ESTADO DAS INSTALACIÓNS, REFORMAS E ARRANXOS..... | 5 |
| 4. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS..... | 6 |
| 5. CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA..... | 11 |
| 6. ALUMNADO..... | 14 |
| 7. PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS..... | 15 |
| 8. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO..... | 16 |
| 9. HORARIO DO CENTRO E ORGANIZACIÓN DAS ENTRADAS E SAÍDAS | 22 |
| 10. HORARIOS DE AULA E DE PROFESORADO DO CURSO 2023/2024..... | 23 |
| 11. QUENDAS DE GARDA DE ENTRADA, RECREO E TARDE | 23 |
| 12. CALENDARIO DE REUNIÓNS DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE E DOS ÓRGANOS DE GOBERNO..... | 27 |
| 13. PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO..... | 32 |
| 14. LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS CURRICULARES | 33 |
| 15. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN | 35 |
| 16. PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS COA COMUNIDADE EDUCATIVA..... | 35 |
| 17. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO | 37 |
| 18. DATAS DE AVALIACIÓN | 37 |
| 19. PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES..... | 38 |

| | |
|---|----|
| 20. PARTICIPACIÓN EN PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA..... | 42 |
| 21. CONCRECIÓN ANUAL DO PE. MODIFICACIÓNS DO PE..... | 43 |
| 22. PLAN DE AVALIACIÓN DO CENTRO..... | 43 |
| 23. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEAE..... | 44 |
| 24. CONCRECIÓN DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE | 46 |
| 25. PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN..... | 47 |
| 26. PLAN ANUAL DE LECTURA..... | 51 |
| 27. ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO | 64 |
| 28. PROXECTO DE PLURILINGÜISMO..... | 70 |
| 29. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC. EDIXGAL..... | 73 |
| 30. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE CONVIVENCIA | 76 |
| 31. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE IGUALDADE..... | 77 |
| 32. PLAN ANUAL DE ACTIVIDADE FÍSICA E HÁBITOS SAUDABLES | 78 |
| 33. PLAN ANUAL DE RECICLAXE E MEDIOAMBIENTE..... | 83 |
| ANEXOS..... | 0 |

1. DATOS DO CENTRO

| CEIP PLURILINGÜE VICENTE OTERO VALCÁRCCEL | |
|---|---|
| Tipo de centro | Centro Público de Educación Infantil e Primaria |
| Código do centro | 15032959 |
| CIF | Q-6555008I |
| Enderezo | Rúa Alcalde Juan Seijas s/n |
| Localidade | Carral |
| Código Postal | 15175 |
| Teléfono | 881 880 446 |
| Correo electrónico | ceip.vicente.otero@edu.xunta.gal |
| Páxina web | http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvicenteotero/ |
| Niveis educativos | 2º ciclo de Educación Infantil Educación Primaria |
| Servizos Complementarios | Transporte escolar Comedor escolar de xestión directa Madrugadores (xestionado polo Concello de Carral) Actividades extraescolares (xestionadas polo Concello) |
| Total alumnado | 442 |
| Total profesorado | 40 |
| Persoal non docente | 1 Conserxe 1 Persoal Auxiliar Administrativa 5 Persoas de servizo de cociña 4 Persoas de servizo de limpeza 2 Auxiliares Técnicos Educativos |

O **CEIP Plurilingüe Vicente Otero Valcárcel** atópase situado en San Estevo de Paleo no Concello de Carral. Acoden ao centro nenas e nenos das parroquias de Tabeaio, Sergude, Cañás, San Vicente de Vigo, Paleo, Quembre, Sumio e Veira; e da parroquia de Sarandóns, pertencente ao Concello de Abegondo.

O centro adscríbese ao IES de Carral situado no propio concello e, ademais, o CEIP de Tabeaio está adscrito ao noso centro.

O Concello de Carral forma parte da área metropolitana da Coruña. Sitúase a 22 km da capital de provincia. O municipio ten unha superficie de 48,03 km, agrupando 8 parroquias. Cunha poboación de 6649 habitantes (ano 2022).

O relevo do municipio está caracterizado polo val do río Barcés e os montes que o circundan. O oeste do territorio é máis montañoso pola presenza dos Montes do Xalo, que superan os 400 metros de altitude. O fértil val do río Barcés dá lugar ás zonas máis chairas do municipio. A altitude oscila entre os 438 metros nos Montes de Xalo, ao oeste, e os 40 metros a beiras do río Barcés. O pobo álzase a 140 metros sobre o nivel do mar.


O desenvolvemento económico do concello baséase no sector terciario, tanto no referido ao número de traballadores como o número de empresas dedicadas a este tipo de actividades. Nas familias do alumnado a comunicación realízase fundamentalmente en castelán.

2. DEPENDENCIAS DO CENTRO

O centro conta con cun edificio principal, un pavillón, un patio cuberto e tres patios para Educación Infantil e Primaria.

O edificio principal consta de planta baixa e dúas plantas, nas que as dependencias están distribuídas da seguinte forma.

Na planta baixa atópanse 6 aulas de Educación Infantil, a aula de usos múltiples, conserxería, os despachos de administración, dirección, xefatura de estudos, secretaria e orientación. Nesta planta tamén están situadas as aulas de convivencia, que, na actualidade utilízase como aula de AL por falta de espazo no centro, e de relixión, a cociña e comedores, 5 aseos, dos cales 1 é adaptado para discapacitados e os almacéns.



Na **primeira planta**, atópanse 11 aulas de Educación Primaria, unha aula de PT e outra de AL, o espazo de Polos creativos e o espazo maker, a sala de mestres e 2 aseos.

PRIMEIRO ANDAR



Na **segunda planta**, están situadas 7 aulas de Educación Primaria, a aula de música, a biblioteca e a radio e 2 aseos.

SEGUNDO ANDAR



No **exterior do centro** contamos cun patio con bambáns e areeiro, un horto, o patio cuberto e semicuberto, unha zona de varandas e das antigas vivendas do profesorado, a pista, unha zona de herba e o pavillón.

3. ESTADO DAS INSTALACIÓNS, REFORMAS E ARRANXOS

Este curso o Concello realizou as seguintes actuacións:

- Retirada dos encerados de ziz, pasteo da parede e colocación das encerado de rotuladores en todas as aulas.
- Retirada dos proxectores e equipos de son das aulas que xa tiñan os encerados interactivos (Ed. Infantil, 1º e 2º).
- Recheo con area do areeiro do patio de Educación Infantil.
- Retirada dos elementos COVID do centro como dispensadores de xel hidroalcohólico e sinais COVID.
- Retirada de balóns dos tellados do patio.
- Reorganización do mobiliario da vivenda de profesorado.
- Arranxo de fiestras e persianas de varias aulas.
- Colocación dun banco no patio infantil.
- Reforma do pavillón municipal.

Durante este curso o Concello ten previsto realizar:

- Realización do control de plagas.
- Limpeza do canalón do patio cuberto.
- Inspección técnica de ascensores.
- Colocación de mosquiteiras nas fiestras da cociña.
- Cambio ou regulación das billas dos aseos da planta baixa, primeira e segunda planta.

Ademais a Consellería de Cultura, Educación e Universidades realizou os seguintes arranxos:

- Cambio do chan da cociña que non pasou a Inspección de Sanidade.
- Pintar a superficie interna do sumidoiro da cociña.
- Colocación de azulexos e pintura na zona do vertedoiro da cociña.
- Retirada dos urinarios masculinos dos aseos da planta baixa, primeira e segunda planta.

Durante este curso a Consellería ten previsto realizar:

- Selar as ventás do centro e comprobar as gomas, xa que cando chove entra auga cara dentro do centro. Consideramos que sería pertinente facelo antes de que comece o outono e polo tanto, o tempo de chuvias. Nós xa nos puxemos en contacto coa empresa que fixo a obra e non deu resposta (temos os correos electrónicos xustificativos).

- A cheminea da cociña. Colocarlle unha placa para que o vapor de auga saia do lado contrario as aulas que están a mesma altura.
- As humidades da ventá do baño da planta baixa.
- A placa de pladur da ventá da segunda planta que está a piques de caer.

4. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

4.1. SERVIZOS DO CENTRO

O centro conta cos seguintes servizos:

- **Mañanceiros**, dende ás 7:20 h ata ás 9:10 h de luns a venres dependente do Concello de Carral.
- **Comedor escolar**, cun horario de 14:20 h a 15:20h de luns a venres dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de xestión directa.
- **Actividades extraescolares**, dende ás 15.20 h ata ás 17.20 h de luns a xoves organizadas polo Concello de Carral.

4.2. PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR

O servizo de transporte escolar deste centro realízano a empresa Autopullmans Travidí SL, formada por seis liñas que fan rutas diferentes. Todas as rutas contan con acompañante no autobús.

Os itinerarios son os seguintes:

| RUTA | ITINERARIO | Nº ALUMNADO |
|--|--|-------------|
| Ruta 1 ED150518 | Santa M ^a de Vigo - Bailía- Cañás (Ovella) | 39 |
| Ruta 2 ED150520 | Xalo Granxa – Tabeaio (Coello) | 54 |
| Ruta 3 ED150521 | Cascaxeiras - Ardexurxo 1 (Galiña) | 32 |
| Ruta 4 ED150516 | As Cabancas – Ans (Pato) | 17 |
| Ruta 5 ED150517 | Cabra arriba - Herves (Lobo) | 14 |
| Ruta 6 ED150519 | A Martela – Coiro (Gato) | 13 |
| TOTAL ALUMANDO DE ED. INFANTIL E PRIMARIA | | 170 |

Nota: As paradas de ANS (Ruta 4) e de COIRO (Ruta 6) por distar menos de 2 km do centro non outorgan dereito a ser usuario do servizo de comedor.

4.3. REGULAMENTO DA ORGANIZACIÓN DO COMEDOR ESCOLAR

O comedor do CEIP Plurilingüe Vicente Otero Valcárcel está clasificado como tipo E (351 a 500 comensais), e a modalidade de presentación de servizo é a de xestión directa da Consellería. A esta clasificación correspóndelle un oficial 2º de cociña e catro axudantes de cociña.

O comedor escolar comezará o primeiro día lectivo do mes de setembro e finalizará o último día lectivo do mes de xuño. As estratexias de adaptación ao centro que se programan para o alumnado de tres anos ao inicio de curso, esixirán regular o uso do servizo para eles no período sinalado.

O horario do comedor é de 14:20 a 15:20 horas. O centro dispón de dous espazos de comedor e este curso o servizo de comedor está organizado en dúas quendas.

- Nunha **quenda previa a do alumnado**, dende ás 13.30 as 14:00, comerá as persoas colaboradoras e o persoal auxiliar coidador.
- **A 1ª quenda é de 14:20 a 14:55.** No comedor pequeno come o alumnado de 6º de Educación Infantil, 3º, 4º de Educación Primaria e o alumnado de 5º usuario de transporte. No comedor grande come o alumnado de 4º e 5º de Educación Infantil, 1º, 2º de Educación Primaria e o alumnado de 6º usuario de transporte escolar.
- **A 2ª quenda é de 15:00 a 15:30.** Emprégase só o comedor grande, e come o alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria que NON é usuario do transporte escolar.

O menú será único para todos os comensais elaborarse tendo en conta as necesidades do alumnado, os casos individuais de alerxias, intolerancias e dietas específicas medicamente certificadas. Cada un dos menús leva mencionados os alérxenos que conteñen e estará publicado na páxina web do centro.

Alumnado usuario do comedor:

O número de prazas autorizadas pola Consellería de Educación (*Instrución 2/2023*) para o curso 2023/2024 é de 404 usuarios. Neste número de prazas inclúense as prazas de cobertura obrigatoria do persoal que intervén no servizo de comedor e persoas coidadoras do centro, un total de 23.

Persoal do comedor:

Este curso, comedores escolares autorizou catorce persoas colaboradoras para encargarse diariamente da atención do alumnado usuario, podendo ser nais, pais, titores/as legais e/ou profesorado. O número de solicitudes presentadas para colaborar foron 25.

Ademais das 14 persoas colaboradoras de comedor a relación de persoal que intervén no comedor é a seguinte:

| | |
|----------------------------------|--|
| Directora | Iria Sánchez Prieto |
| Encargada de comedor | María Otero Desentre |
| Persoal laboral | Adrián Viñas Nión M ^a Esperanza Mesejo Vázquez M ^a José Pena Brañas Mónica Pita Rodríguez M ^a Esther Roca Vázquez |
| Persoal Auxiliar Coidador | José Manuel Díaz Sánchez M ^a Begoña Rodríguez Regueiro |

PLAN ANUAL DE FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR

Este documento recolle as liñas básicas de actuación que se van a levar a cabo no comedor escolar no curso 2023/2024.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS CURSO 2023/2024

- Desenvolver e fomentar hábitos alimentarios saudables, incluíndo unha alimentación equilibrada e variada.
- Educación para a hixiene e a saúde:
 - Fomentar e desenvolver hábitos persoais de hixiene.
 - Usar correctamente os cubertos e a vaixela.
 - Ser coidadoso e ordenado á hora do xantar.
- Educación para a convivencia:
 - Fomentar hábitos de cooperación e convivencia na mesa:
 - Sentarse ben.
 - Falar cun volume axeitado.

- Permanecer sentados mentres se está comendo.
- Colaborar na recollida dos utensilios e enseres ao rematar de comer
- Respectar ao persoal colaborador.
- Coidar as boas formas no trato cos demais.

APOIO E VIXIANCIA DO COMEDOR ESCOLAR

A) PERSOAS COLABORADORAS

Este curso o noso centro conta con 14 nais colaboradoras. Os criterios para a súa elección baseáronse, por unha parte, no establecido na *Instrución 2/2023, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 1 de Xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2023/2024*; e por outra, nos criterios aprobados en Consello Escolar con data de 1 de setembro do 2022:

- Novas persoas colaboradoras.
- Persoas que durante dous cursos consecutivos non desempeñarán as funcións de colaboración no comedor.
- Persoas colaboradoras con fillos/as admitidos no comedor escolar por servizos sociais, transporte, familia numerosa, etc.
- Persoas colaboradoras do curso anterior coa certificación do curso de formación ofertada polo Concello en cursos anteriores.
- Persoas colaboradoras do curso anterior con boa disposición e aptitude.
- Solicitud de familiares de alumnado.

O persoal colaborador será o encargado de velar polo correcto desenvolvemento da actividade, atendendo ás chamadas que poidan recibir do alumnado e tratando de axudarlles se o precisan.

Nas entradas encargarase de recoller ao alumnado de Educación Infantil e de organizar ao resto do alumnado nos comedores. Nas saídas acompañarán ao alumnado nos desprazamentos (distribución do alumnado de transporte, de actividades ou alumnado que é recollido por persoas autorizadas).

A colaboración no comedor comporta o compromiso no coidado e vixilancia dos menores, a aceptación do sistema de organización e de funcionamento do comedor e o seu compromiso de asistencia e de avisar das ausencias, que deben ser xustificadas, previamente e con tempo suficiente. O incumprimento destas condicións será causa válida para que o centro dea por terminada dita colaboración.

B) ALUMNADO COLABORADOR

Este curso apostouse por retomar a implicación do alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria nas tarefas de comedor. O alumnado, anotado voluntariamente para a colaboración, está repartido en 4 grupos: dous en 5º e dous en 6º.

Cada grupo participará nas labores de comedor durante unha semana e irán rotando: unha semana 5º e a seguinte 6º.

INTOLERANCIAS E ALERXIAS

Contemplanse menús específicos, adaptados a aquelas intolerancias e alerxias xustificadas cun informe médico. Estas certificacións médicas deberán ser actualizadas todos os anos no caso de que non sexan permanentes.

Para unha mellor garantía no control das intolerancias, alerxias e diversos problemas nutricionais, o alumnado así diagnosticado terá no seu sitio unha etiqueta que indique o tipo de intolerancia que presenta.

En ningún caso se administrarán medicamentos aos nenos/as que asistan ao comedor. Igualmente, nunca deben entregar medicamentos aos nenos/as. En caso necesario, arbitrase o xeito de que os/as pais/nais ou titores legais poidan acceder ao centro para administrarlles a medicación pertinente. Para isto deben poñerse en contacto coa Dirección. Neste apartado hai excepcións para o alumnado incluído no programa de Alerta Escolar.

NORMAS

As persoas usuarias do servizo de comedor escolar están obrigadas a manter unha conduta apropiada no comedor escolar, da mesma maneira que en calquera outra actividade das que se desenvolven no Centro.

Ditas normas veñen recollidas en detalle no Protocolo de Funcionamento do comedor escolar, xunto coas medidas correctoras no caso de condutas contrarias á convivencia.

CALENDARIO E HORARIO

O horario do comedor é de 14:20 a 15:20 horas. O centro dispón de dous espazos de comedor e este curso o servizo de comedor realízase en dúas quendas.

FORMAS DE PAGO

O pago é mensual e farase mediante o ingreso da taxa correspondente a cada mes. O ingreso farase nos primeiros 20 días do mes seguinte ao da presentación do servizo do comedor. Se o

pago non se realiza mediante Abalar, unha copia do impreso enviarase ao centro, preferiblemente de maneira telemática ao correo de administración do centro (administración.ceip.vicente.otero@edu.xunta.gal). Este requisito é indispensable para poder facer uso do comedor.

No caso de que non conste o pago do servizo, o alumno ou alumna non poderá facer uso do comedor ata que non se xustifique o pago.

FALTAS DE ASISTENCIA

As faltas de asistencia xustificaranse mediante aviso no correo electrónico de administración (administración.ceip.vicente.otero@edu.xunta.gal). Unicamente aquelas faltas que se comuniquen antes das 9:45h de cada día poderán descontarse do importe do correspondente mes agás cando deba saír do centro por unha urxencia.

A non xustificación das faltas, o incumprimento das normas de convivencia do comedor ou o impago das mensualidades pode chegar a supoñer a baixa no servizo de comedor de xeito temporal ou definitiva.

ALTAS E BAIXAS NO COMEDOR

Deben notificarse por escrito á Dirección do centro.

5. CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA

| EDUCACIÓN INFANTIL | |
|---|--|
| Nerea Paz Sar | Titora 4ºA (3 anos) |
| Manuel Meijide Cao | Titor 4º B (3 anos) |
| Ana Rodríguez Cao | Titora 5ºA (4 anos) |
| Jessica Gómez Ponte | Titora 5ºB (4 anos) e Coordinadora do Equipo de 2º ciclo de Educación Infantil |
| Mª José Rivadulla Couso (Adriana Seoane Montes) | Titora 6ºA (5 anos) |
| Olalla Sande Blanco | Titora 6ºB (5 anos) |
| Pilar Meneses García | Mestra de apoio |
| Iria Sánchez Prieto | Mestra de apoio |



EDUCACIÓN PRIMARIA

| | |
|--|--|
| Vanesa Regueiro Santos (Debora Paz Cotón) | Titora 1ºA |
| María García Calvo | Titora 1ºB |
| Tania Garaboa Gestal (Alba Ramos Vizcaíno) | Titora 1ºC |
| Verónica Martínez Grandío | Titora 2ºA e Coordinadora do 1º ciclo EP |
| María Lesta Seoane | Titora 2ºB |
| Carlos Rodríguez Rodríguez | Titor 2ºC |
| Mª José Zapata Amor | Titora 3ºA |
| Mª Carmen Pardo Lale | Titora 3ºB |
| MBeatriz Moscoso López | Titora 3ºC |
| Cristina Pedreira Fuentes | Titora 4ºA e Coordinadora do 2º ciclo EP |
| Patricia Pena Barbeito | Titora 4ºB |
| Mª Viviana París Sánchez (Mª Antonia del Río García) | Titora 4ºC |
| Gema Silvares Fonte | Titora 5ºA |
| Nicole García Moledo | Titor 5ºB |
| Andrea Méndez Cores | Titora 5ºC e Coordinadora do 3º ciclo EP |
| Alba Rivas Candal (Mª del Mar Domínguez Pacheco) | Titora 6ºA e Mestre de ciencia sociais en 6ºC |
| Sara Parga Pérez | Titora 6ºB |
| Alberto López Muñiz | Titora 6ºC e Mestre de Educación plástica visual plurilingüe en 1º e 2ºC |

ESPECIALISTAS

| | |
|-----------------------------|---|
| Borja López Muíños | Mestre especialista en Educación Física en Ed. Infantil área de crecemento en harmonía, 1ºA, 2º e 5º Ed. Primaria e Coordinador e-Dixgal. |
| David Morán Martínez | Mestre especialista en Educación Física en 1ºB, 1ºC, 3º, 4º e 6º Ed. Primaria. |

| | |
|--|--|
| Leticia Sotelo Chausson | Mestra especialista en música en Ed. Primaria e Educación en valores cívicos e éticos en 6°C e coordinadora do Equipo TIC. |
| Rocío Calvelo Moledo | Mestra especialista en música en Ed. Infantil e mestra apoio en Educación Infantil. |
| Marta Maceira Muiños | Mestra especialista en Lingua Estranxeira: inglés en 2º, 6º Ed. Plástica e visual en 2ºA e 2ºB. |
| María Otero Desentre | Mestra especialista en Lingua Estranxeira: inglés en 1ºB, 3ºA, 4º e 5º. |
| Nuria Pedreira del Río | Mestra especialista en Lingua Estranxeira: inglés en Ed. Infantil e 1ºA, 1ºC, 3ºB, 3ºC Ed. Primaria (itinerante). |
| Eva María López Díaz | Xefa do Departamento de Orientación. |
| Lidia Bello Novo | Mestra especialista en Pedagogía Terapéutica. |
| Emilio González Villamil | Mestre especialista en Pedagogía Terapéutica. |
| Víctor Caamaño Huelin (Sabela Pastoriza Infante) | Mestra especialista en Pedagogía Terapéutica (itinerante). |
| María Ángela Precedo No | Mestra especialista en Audición e Linguaxe. |
| Marta López Geada | Mestra especialista en Audición e Linguaxe (itinerante). |
| Mª José Millán Martínez | Mestra de relixión en Ed. Primaria e coordinadora do Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares. |
| Mª Teresa del Río Boquete | Mestra de relixión en Ed. Infantil (itinerante). |

DISTRIBUCIÓN DOS DOCENTES POR CICLOS

| | | |
|---------------------------|-----------------|--|
| EDUCACIÓN INFANTIL | 2º CICLO | Titoras e titores de Educación Infantil. |
| | | Mestras de Apoio de Educación Infantil. |

| | | |
|--|----------|--|
| EDUCACIÓN PRIMARIA | 1º CICLO | Nuria Pedreira, mestra especialista en Lingua Estranxeira: inglés. |
| | | Eva López, xefa do DO. |
| | | Marta López, mestra de AL. |
| | 2º CICLO | Titoras e titores de 1º e 2º de Educación Primaria. |
| | | Sabela Pastoriza, mestra de PT. |
| | | María Ángela Precedo, mestra AL. |
| | | Mª José Millán, mestra de Relixión. |
| | 3º CICLO | Titoras e titores de 3º e 4º de Educación Primaria. |
| | | David Morán, mestre de EF. |
| | | María Otero, mestra especialista en Lingua Estranxeira: inglés. |
| | | Lidia Bello, mestra de PT. |
| | | Titoras e titores de 5º e 6º de Educación Primaria. |
| Borja López, mestre de EF. | | |
| Leticia Soutelo, mestra de música. | | |
| Emilio González, mestre de PT. | | |
| Marta Maceira, mestra de Lingua Estranxeira: inglés. | | |

6. ALUMNADO

| EDUCACIÓN INFANTIL | GRUPO | 4º | 5º | 6º | TOTAL |
|--------------------|-------|----|----|----|-------|
| | A | 19 | 18 | 23 | |
| B | 18 | 18 | 22 | | |
| | 37 | 36 | 45 | | |

| EDUCACIÓN PRIMARIA | GRUPO | 1º | 2º | 3º | 4º | 5º | 6º | TOTAL | |
|--------------------|-------|----|----|----|----|----|----|-------|-----|
| | A | 17 | 18 | 19 | 21 | 17 | 18 | | 324 |
| | B | 17 | 18 | 19 | 21 | 17 | 17 | | |
| | C | 16 | 16 | 18 | 20 | 17 | 17 | | |
| | 50 | 52 | 56 | 62 | 51 | 53 | | | |

| | |
|-----------------------------|------------|
| ALUMNADO EDUCACIÓN INFANTIL | 118 |
| ALUMNADO EDUCACIÓN PRIMARIA | 324 |
| TOTAL ALUMNADO | 442 |

7. PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

| EQUIPO NON DOCENTE | |
|--|---------------------------------|
| María de los Ángeles Méndez Gómez | Persoal Auxiliar Administrativo |
| Iván García García | Conserxe |
| M ^a Begoña Rodríguez Regueiro | Auxiliar Técnico Educativo |
| José Manuel Díaz Sánchez | Auxiliar Técnico Educativo |
| Adrián Viñas Nión | Persoal de comedor |
| M ^a Esperanza Mesejo Vázquez | Persoal do comedor |
| M ^a José Pena Brañas | Persoal do comedor |
| Mónica Pita Rodríguez | Persoal do comedor |
| M ^a Esther Roca Vázquez | Persoal do comedor |
| M ^a Sol Eirís Villamisar | Persoal de limpeza |
| Verónica González Bello | Persoal de limpeza |
| María Isabel Roel Bao | Persoal de limpeza |
| María Carmen Sánchez Lozano | Persoal de limpeza |

PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE

Persoal laboral do servizo de comedor escolar: as súas competencias quedan recollidas no protocolo de funcionamento do comedor escolar para este curso. Asemade, realizarán outras funcións, acordes coa súa categoría profesional, nos termos que establece o convenio colectivo de aplicación.

ATE (Auxiliares técnicos educativos): a súa función principal é a atención e apoio a nenos/as con NEAE tanto na aula coma nos servizos de comedor e transporte, de ser o caso.

Administrativa: encargada das funcións administrativas do centro.

Conserxe: encargado de abrir as portas de acceso ao recinto escolar, encargado do material de reprografía, de atender as familias cando veñen a buscar ao alumnado en horario escolar e todas aquelas tarefas que o equipo directivo lle encomende dentro das súas funcións.

Persoal de limpeza: encargadas da limpeza das aulas, corredores...

8. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO

OBXECTIVO: Fomentar a participación e a convivencia dos sectores da comunidade educativa do centro e do entorno.

| | |
|--------------|---|
| Acción 1 | Impulsar a participación das familias na vida do centro. |
| Indicador | Nivel de asistencia as xornadas, xuntanzas ou reunións ofertados polo centro. |
| Responsables | Equipo directivo Os diferentes equipos de dinamización do centro ANPA |
| Recursos | Os que requira a proposta. |
| Acción 2 | Establecer rutinas e hábitos na comunidade educativa que conlevan un traballo específico coas habilidades sociais. |
| Indicador | Realización de actividades fora do horario lectivo que favorezan a reflexión e intercambio verbal. |
| Responsables | Equipo directivo Equipo de convivencia e benestar Claustro |
| Recursos | Os que requira a proposta |
| Acción 3 | Sintetizar os documentos para facilitar os trámites ás familias. |
| Indicador | Número de documentos sintetizados e subidos a páxina web. |
| Responsables | Equipo directivo. |
| Recursos | Equipos informáticos, web, abalar. |

OBXECTIVO: Impulsar a comunicación en todos os aspectos da vida escolar.

| | |
|--------------|---|
| Acción 1 | Mantemento dunha comunicación fluída co Concello e os centros da nosa contorna próxima. |
| Indicador | Número de encontros realizados co Concello e cos centros da nosa contorna. |
| Responsables | Equipo directivo Claustro Concello |
| Recursos | Os que requira a proposta. |
| Acción 2 | Promover a comunicación e participación na vida da aula para que teña repercusión na vida do centro. |
| Indicador | Cantidade de aulas que favorecen o traballo comunicativo na aula establecendo un espazo acorde. |

| | |
|--------------|--|
| Responsables | Equipo directivo Claustro |
| Recursos | Material funxible. Os recursos necesarios para implementar as propostas do alumnado. |
| Acción 3 | Seguir potenciando o papel do Consello da Infancia como canle para o achegamento das propostas do alumnado. |
| Indicador | Número de xuntanzas do Consello da Infancia e de propostas do alumnado levadas a cabo. |
| Responsables | Equipo directivo Claustro Alumnado |
| Recursos | Material funxible. Os recursos necesarios para implementar as propostas do alumnado. |

OBXECTIVO: Poñer en valor a importancia do traballo en equipo do equipo docente.

| | |
|--------------|---|
| Acción 1 | Promover accións encamiñadas o traballo interciclo ou internivel para dar a oportunidade de valorar os aspectos positivos do traballo en equipo. |
| Indicador | Número de actividades ou propostas levadas a cabo interciclo. |
| Responsables | Equipo directivo Claustro CCP |
| Recursos | CAFI Centros de referencia Fontes bibliográficas |
| Acción 2 | Promover as novas tecnoloxías como espazo de intercambio para promover o traballo colaborativo. |
| Indicador | Número de arquivos establecidos e usados no almacenamento na nube. |
| Responsables | Equipo directivo Equipo TIC |
| Recursos | Equipos informáticos, web, abalar, almacenamento na nube. |

OBXECTIVO: Manter a biblioteca como un dos eixes vertebradores do noso centro.

| | |
|----------|--|
| Acción 1 | Creación dunha rede de recursos que favoreza á atención a diversidade e promova a colaboración entre os diferentes equipos. |
|----------|--|

| | |
|--------------|---|
| Indicador | Ampliación de recursos da biblioteca atendendo a diversos ámbitos. |
| Responsables | Equipo directivo Equipo da biblioteca Claustro |
| Recursos | CAFI Bibliotecas de referencia Lexislación Fontes bibliográficas |
| Acción 2 | Apoiar o PDI “Todas e todos temos unha historia que contar” como eixo entorno ao cal xiren diferentes proxectos do centro. |
| Indicador | Continuar coa dinámica do PDI no centro e número de aulas que participan nas xornadas do PDI. |
| Responsables | Equipo directivo Equipo da biblioteca Claustro |
| Recursos | Material funxible Os que requira o PDI |

OBXECTIVO: Favorecer as estratexias para un mellor acompañamento das nenas e nenos do centro partindo do seu rol como protagonistas da súa propia aprendizaxe.

| | |
|--------------|--|
| Acción 1 | Mellorar a formación do profesorado e o debate pedagóxico. |
| Indicador | Participación do profesorado en actividades de formación permanente. Participación do profesorado nas reunións do claustro. |
| Responsables | Equipo directivo Claustro |
| Recursos | CAFI Centros de referencia Fontes bibliográficas |
| Acción 2 | Optimizar o horario, na medida do posible, para conseguir un maior número de apoio docente nas aulas. |
| Indicador | Número de aulas con apoio docente nas aulas e reflexión sobre as distribucións horarias. |
| Responsables | Equipo directivo CCP |
| Recursos | Lexislación |

| | |
|--------------|--|
| | Centros de referencia Fontes bibliográficas CAFI |
| Acción 3 | Poñer en valor a importancia do bo trato e respecto cara un mesmo e os dos demais como base para mellorar a convivencia. |
| Indicador | Establecer normas claras que han de ser respectadas para evitar conductas contrarias á convivencia. Traballo da anticipación como base para reducir o número de conflitos. Uso de linguaxe positivo. Fomentar a resolución pacífica de conflitos. |
| Responsables | Equipo directivo Equipo de Convivencia Claustro Familias |
| Recursos | Os que requira a proposta |
| Acción 4 | Seguir potenciando a importancia da educación en valores como base da responsabilidade social. |
| Indicador | Realización anual de obradoiros para o alumnado de 5º e 6º no que se aborde a xestión emocional. Implementación en cursos inferiores. |
| Responsables | Equipo directivo Equipo de Convivencia Claustro |
| Recursos | Os que requira a proposta |

OBXECTIVO: Potenciar unha escola inclusiva como elemento base para a aprendizaxe de toda a comunidade educativa.

| | |
|--------------|---|
| Acción 1 | Impulsar a coordinación dos profesionais que interveñen no proceso de ensinanza e aprendizaxe do alumnado con NEAE e as súas familias. |
| Indicador | Control das sesións de avaliación e seguimento de acordos. Número de actuacións encamiñadas á atención á diversidade e a inclusión. |
| Responsables | Equipo directivo Claustro DO CCP |

| | |
|--------------|--|
| Recursos | Equipo directivo Claustro DO CAFI |
| Acción 2 | Establecer actividades que poñan en valor as características individuais de todo o alumnado. |
| Indicador | Número de actividades que inclúan a todo o alumnado levadas a cabo no centro. Número de propostas baseadas nas potencialidades do alumnado implementadas. |
| Responsables | Equipo directivo Claustro DO CCP |
| Recursos | Os que requira a proposta |

OBXECTIVO: Incentivar o uso da lingua galega no centro escolar.

| | |
|--------------|---|
| Acción 1 | Empregar a lingua galega como medio de comunicación na vida da escola. |
| Indicador | Porcentaxe de persoal que usa o galego no día a día no centro. Número de docentes que se dirixe ao resto en galego nas reunións de centro. |
| Responsables | Equipo directivo EDLG Claustro |
| Recursos | Os que requiran a proposta |
| Acción 2 | Propoñer actividades que fomenten o uso do galego na comunidade educativa. |
| Indicador | Número de actividades levadas a cabo de maneira íntegra en galego. |
| Responsables | Equipo directivo EDLG CCP Claustro |
| Recursos | Material funxible Os que requira a proposta |

OBXECTIVO: Fomentar o coidado do medio para mellorar a nosa contorna.

| | |
|--------------|---|
| Acción 1 | Impulsar a conciencia da reciclaxe na escola para poder levala a cabo en todos os ámbitos da nosa vida. |
| Indicador | Posta en marcha das patrullas verdes no centro. Colocación de puntos limpos no centro para a separación de residuos. |
| Responsables | Equipo directivo Equipo de medioambiente e reciclaxe Claustro |
| Recursos | Contedores de refugallo Especialistas na materia |
| Acción 2 | Dinamizar o horto escolar. |
| Indicador | Número de aulas que se comprometen a usar o horto escolar. Estado e coidado do horto escolar ao final do curso. |
| Responsables | Equipo directivo Equipo de medioambiente e reciclaxe |
| Recursos | Material específico para o uso do horto Especialistas na materia |

OBXECTIVO: Promover hábitos de vida saudable na comunidade educativa.

| | |
|--------------|--|
| Acción 1 | Dar a coñecer a importancia da actividade física no día a día. |
| Indicador | Establecer 10' de actividade física semanal por aula. Número de aulas que se unen á proposta. Número de pasos conseguidos o finalizar o curso. |
| Responsables | Equipo directivo Equipo de Educación Física Claustro |
| Recursos | Equipo de EF Comedor escolar Especialistas na materia Campañas |
| Acción 2 | Impulsar hábitos de alimentación saudables. |
| Indicador | Presenza de froita e verdura no menú diario do comedor. Pór a disposición do alumnado froita variada e leite. Recorrer a provedores locais que promovan unha alimentación máis sostible. |
| Responsables | Equipo directivo |

| | |
|----------|---|
| | Comedor Escolar Claustro |
| Recursos | "Programa escolar de froitas, castañas e leite" FOGGA Slow Food Compostela Empresas da contorna |

9. HORARIO DO CENTRO E ORGANIZACIÓN DAS ENTRADAS E SAÍDAS

O centro conta con xornada continua, o **horario lectivo do centro** é de 9:20 a 14:20 de luns a venres. A persoa que realiza labores de conserxería abrirá, todos os días lectivos, as portas de acceso ao recinto exterior do centro ás 8:45 horas. O centro será pechado polo persoal encargado da limpeza.

A entrada no centro é a partir das 9:10h tanto para o alumando transportado coma para o alumnado que non emprega transporte.

A entrada ao centro escolar realízase por dúas entradas:

- Portal patio cuberto: alumnado transportado e alumnado de 5º e 6º de Educación Infantil.
- Portal verde de acceso a varandas: alumnado de 4º de Educación Infantil e o alumnado que non é usuario de transporte escolar.

As familias non poden acceder ao centro nas horas de entrada e saída para acompañar aos seus fillos e fillas, agás no alumnado de 4º de EI que non é transportado.

As saídas do alumnado non transportado realizaranse pola baixada do pavillón. As familias poden acceder ao recinto polo aparcadoiro das vivendas.

O alumnado transportado que asiste a comedor terá a súa saída ao remate deste, ás 15:10 horas. Son chamados por megafonía para facer filas no patio cuberto onde estará esperando o persoal de transporte.

O alumnado non transportado que asiste a comedor terá a súa saída ao remate deste dende as 15:20 ata as 15:30 horas.

| HORARIO LECTIVO | |
|-----------------|---------------|
| 1ª SESIÓN | 9:20 – 10:10 |
| 2ª SESIÓN | 10:10 – 11:00 |
| 3ª SESIÓN | 11:00 – 11:50 |
| RECREO | 11:50 – 12:20 |

| | |
|--------------------|---------------|
| HORA DE LER | 12:20 – 12:40 |
| 4ª SESIÓN | 12:40 – 13:30 |
| 5ª SESIÓN | 13:30 – 14:20 |

O horario de atención ao público é o seguinte:

- Administración: do 11 de setembro ao 21 de xuño:
 - De luns a venres: 9:30 h a 11:00 h
12:30 h a 14:00 h
 - Os luns: 15:30 h a 17:00 h
- Equipo directivo: Atendese con cita previa
- Departamento de orientación: Atendese con cita previa

Ademais, **polas tardes**, de martes a venres abriremos a biblioteca escolar e polos creativos. A biblioteca abrirá de martes a venres en dúas quendas, a primeira de 15:20-16:20 e a segunda de 16:20-17:20, como centro de recursos para que as familias poidan acudir cos seus fillos/as a ler, facer empréstitos, buscar información... Polos Creativos abrirá de 16.20 a 17.20 de martes a xoves e os venres de 15.20 a 17.20 para poder realizar os retos mensuais tecnolóxicos ou utilizar os recursos informáticos dos que dispomos. Para o seu uso é necesario facer reserva previa, por cuestións organizativas, chamando ao número de teléfono do centro.

Ademais dos **días non lectivos** que veñen marcados no calendario escolar do presente curso, o Claustro, acordou co IES, solicitar ante a Xefatura Territorial da Consellería de Educación o 13 de outubro do 2023 e o 20 de maio do 2024.

10. HORARIOS DE AULA E DE PROFESORADO DO CURSO 2023/2024

Anexados no DOC para informe de Inspección Educativa.

11. QUENDAS DE GARDA DE ENTRADA, RECREO E TARDE
11.1. GARDAS DE ENTRADA

| GARDAS DE ENTRADA (9:10-9:20) | | | | | |
|---|-------------|---------------|-----------------|--------------|---------------|
| | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
| PORTAL BUS | MARTA M. | IRIA | IRIA | IRIA | MARTA M. |
| PATIO CUBERTO | PILI ROCÍO | PILI ROCÍO | PILI | PILI ROCÍO | PILI ROCÍO |
| VESTÍBULO | MARIÁN | MARIÁN | ROCÍO | MARIÁN | MARIÁN |



| | | | | | |
|--|-------|-------------------|-------------------|-------------------|-------------------|
| ESCALEIRAS 1º PLANTA | LIDIA | LIDIA | LIDIA | LIDIA | LIDIA |
| CORREDOR DE BIBLIOTECA | VERO | Mª JOSÉ MILLÁN | Mª JOSÉ MILLÁN | Mª JOSÉ MILLÁN | Mª JOSÉ MILLÁN |
| A PERSOA DOCENTE DE 1ª HORA ESPERARÁ AO ALUMNADO NA AULA. | | | | | |

11.2. GARDAS DE RECREO

Os **recreos** realízanse nunha única quenda de 11:50 a 12:20 h. O patio estará dividido en 9 zonas con propostas de material e xogo.

| DISTRIBUCIÓN DOS PATIOS | | | | | | | | | |
|-------------------------|-------------------|-------------------|----------|-------|-------|----------|------------|-------|-----------------------------------|
| | PATIO INFANTIL | PATIO CUBERTO | VIVENDAS | PISTA | HERBA | VARANDAS | BIBLIOTECA | POLOS | PAVILLÓN RECREOS DEPORTIVOS |
| LUNS | INFANTIL 4º | INFANTIL 5º 6º | LIBRE | 1º 2º | LIBRE | LIBRE | LIBRE | 6º | 5º |
| MARTES | INFANTIL 5º | INFANTIL 4º 6º | LIBRE | 3º | LIBRE | LIBRE | LIBRE | 5º | 6º |
| MÉRCORES | INFANTIL 6º | INFANTIL 4º 5º | LIBRE | 4º | LIBRE | LIBRE | LIBRE | 3º | 5º |
| XOVES | INFANTIL 4º | INFANTIL 5º 6º | LIBRE | 5º | LIBRE | LIBRE | LIBRE | 4º | 6º |
| VENRES | INFANTIL 5º | INFANTIL 4º 6º | LIBRE | 6º | LIBRE | LIBRE | LIBRE | 1º 2º | |

Os días que o tempo non permita facer os patios no exterior a forma de actuar será a seguinte.

Se avisará por megafonía de que chove e os patios quedarán distribuídos da seguinte maneira:

Se chovera durante o recreo os mestres seguirán as mesmas instrucións que se chovese. O alumnado quedará repartido da seguinte maneira:

INFANTIL – PATIO CUBERTO

1º - VESTIBULO E PSICOMOTRICIDADE

2º, 3º, 4º - PAVILLÓN

5º e 6º - CORREDORES PLANTA 2º

Reorganización docente dos días de chuvia

| | | | | | | | | | |
|-------------------|------------------|----------|-------|-------|----------|-----------|------------|-------|----------|
| PATIO INFANTIL | PATIO CUBERTO | VIVENDAS | PISTA | HERBA | VARANDAS | VESTÍBULO | BIBLIOTECA | POLOS | PAVILLÓN |
|-------------------|------------------|----------|-------|-------|----------|-----------|------------|-------|----------|

| | | | | | | | | | |
|---------------|---|--------------------|----------|----------|------------------|---|---|---|-------------------|
| PATIO CUBERTO | = | Corredor 2ª planta | Pavillón | Pavillón | Psicomotricidade | = | = | = | = + Pista e Herba |
|---------------|---|--------------------|----------|----------|------------------|---|---|---|-------------------|

Achegamos un modelo de garda de recreo do mes de setembro.

| GARDAS DE RECREO (11:50-12:20) SETEMBRO | | | | | | | | | |
|---|----------------|--------------------------------|--------------------------------|---|-----------|----------------|--------------|-------|----------|
| | PATIO INFANTIL | PATIO CUBERTO | VIVENDAS | PISTA/HERBA | VARANDAS | VESTIBULO | BIBLIOTECA | POLOS | PAVILLÓN |
| L 11 | NURIA EVA | EMILIO ADRIANA | MARTA L. MAVI CARLOS | SARA ALBERTO CARMEN P. Mª JOSÉ ZAPATA | VERO | ALBA | PATRI NICOLE | LETI | DAVID |
| M 12 | ANA JESSY | Mª JOSÉ MARIÁN | SABELA DEBORA MARIETA | BEA CRIS MARIA G. ALBA | ANDREA | MAR | LIDIA | GEMA | BORJA |
| Mé 13 | EMILIO ADRIANA | NURIA EVA | MARTA L. MAVI ALBERTO | CARMEN P. Mª JOSÉ ZAPATA ANDREA MAR | CARLOS | VERO | PATRI NICOLE | LETI | DAVID |
| X 14 | ANA JESSY | Mª JOSÉ MARIÁN | MARTA L. SABELA ANDREA | BEA CRIS MARIA G. ALBA | DEBORA | MARIETA | LIDIA | GEMA | BORJA |
| V 15 | NURIA EVA | EMILIO ADRIANA | MAVI SABELA CARLOS | SARA ALBERTO CARMEN P. Mª JOSÉ ZAPATA | VERO | DAVID | PATRI NICOLE | LETI | |
| L 18 | MANUEL NEREA | NURIA EVA ROCIO PILI | MARTA L. DEBORA MARIA G. | Mª JOSÉ MARIÁN MARIETA ALBA | BEA | CRIS | LIDIA | GEMA | DAVID |
| M 19 | ROCIO PILI | EMILIO ADRIANA | MAVI SABELA MAR | CARLOS SARA ALBERTO VERO | CARMEN P. | Mª JOSÉ ZAPATA | PATRI NICOLE | LETI | BORJA |
| Mé 20 | NURIA EVA | ANA JESSY MANUEL NEREA | BEA CRIS ANDREA | Mª JOSÉ MARIÁN MARIA G. ALBA | DEBORA | MARIETA | LIDIA | GEMA | DAVID |
| X 21 | ROCIO PILI | ANA JESSY EMILIO ADRIANA | MAR MAVI SABELA | SARA ALBERTO Mª JOSÉ ZAPATA CARMEN P. | CARLOS | VERO | PATRI NICOLE | LETI | BORJA |
| V 22 | ANA JESSY | NURIA EVA MANUEL NEREA | DEBORA MARIA G. ALBA | Mª JOSÉ MARIÁN BEA CRIS | MARIETA | BORJA | LIDIA | GEMA | |
| L 25 | NURIA EVA | EMILIO ADRIANA ROCIO PILI | MARTA L. MAVI CARLOS | CARMEN P. Mª JOSÉ ZAPATA VERO MAR | SARA | ALBERTO | PATRI NICOLE | LETI | DAVID |
| M 26 | ANA JESSY | MANUEL NEREA Mª JOSÉ MARIÁN | SABELA ANDREA MAR | DEBORA MARIETA MARIA G. ALBA | CRIS | BEA | LIDIA | GEMA | BORJA |
| Mé 27 | EMILIO ADRIANA | NURIA EVA ROCIO PILI | MAVI SARA ALBERTO | CARLOS VERO ANDREA MARTA L. | CARMEN P. | Mª JOSÉ ZAPATA | PATRI NICOLE | LETI | DAVID |
| X 28 | MANUEL NEREA | ANA JESSY Mª JOSÉ MARIÁN | SABELA BEA CRIS | MARIA G. ALBA MAR ANDREA | DEBORA | MARIETA | LIDIA | GEMA | BORJA |
| V 29 | ANA JESSY | EMILIO ADRIANA ROCIO PILI | MARTA L. MAVI SABELA | SARA ALBERTO CARMEN P. Mª JOSÉ ZAPATA | CARLOS | VERO | PATRI NICOLE | LETI | |

11.3 GARDAS DE TARDE

As gardas de tarde realízanse de 15:20 a 17:20 de martes a venres en parellas nas seguintes quendas:

| | | | | | |
|---|---------------------------------|---|---------------------|---|---------------------------------|
| A | Manuel – Nerea | H | Iria – Olalla | Ñ | Nicole – Gema |
| B | Jessica - Ana | I | María O. – Marta M. | O | Marieta – Verónica |
| C | Adriana – Pilar | J | Patricia – Cristina | P | María G. – Alba |
- Víctor Caamaño Huelin, mestre especialista en Pedagogía Terapéutica con destino provisional no centro, itinerante ao CEIP de Tabeaio.
- M^a Ángela Precedo No, mestra especialista de Audición e Linguaxe con destino definitivo no centro.
- Marta López Geada, mestra especialista de Audición e Linguaxe con destino provisional, itinerante ao CEIP de Tabeaio e a EEI de San Bartolomeu (Pravio).
- Jessica Gómez Ponte, coordinadora do 2º ciclo de Educación Infantil.
- Verónica Martínez Grandío, coordinadora do 1º ciclo de Educación Primaria.
- Cristina Pedreira Fuentes, coordinadora do 2º ciclo de Educación Primaria.
- Andrea Méndez Cores: coordinadora do 3º ciclo de Educación Primaria.
- Carmen Fernández Andón: responsable do CEIP de Tabeaio.
- Eva M^a López Díaz: xefa do DO.

HORARIO DO DEPARTAMENTO

O luns pola tarde de 15:30 a 18:30 será o día de permanencia no centro: de 15:30 a 16:30 serán as reunións semanais de coordinación dos especialistas de PT e AL coa XDO, de 16:30 a 17:30 será a hora de atención ás familias, de 17:30 a 18:30 será a hora dedicada a reunións de ciclo (a orientadora está adscrita ao 2º ciclo de Educación Infantil), reunións de equipos de coordinación docente (a orientadora está adscrita ao Equipo de Convivencia e Benestar), reunións de CCP, Claustros e reunións mensuais do DO completo.

A orientadora desprazarase ao centro adscrito, sempre que sexa preciso, para cumprir as funcións de orientación nese centro e atender ás necesidades que poidan xurdir no mesmo ao longo do presente curso escolar.

LIÑAS PRIORITARIAS DE ACCIÓN

As liñas de acción para o curso 2023-2024, do DO serán as seguintes:

- Promover programas e accións para o coidado emocional da comunidade educativa.
- Revisar as necesidades do Departamento, e seguir dotándoo do material preciso para levar a cabo tarefas de avaliación, acción titorial, orientación académica,

- Revisar o Plan de Orientación, que inclúe o Plan Xeral de Atención a Diversidade, o Plan de Acción Titorial e o Plan de Acollida.
- Asesorar e facer propostas á Comisión de Coordinación Pedagóxica nos temas de índole pedagóxico/didáctico que vaian xurdindo ao longo do curso.
- Analizar as necesidades educativas do alumnado e facer as correspondentes avaliacións psicopedagóxicas cando sexa preciso.
- Revisar e actualizar os informes psicopedagóxicos do alumnado.
- Asesorar ao profesorado para realizar e desenvolver as AC, no caso de ser necesario.
- Atender e asesorar individualmente ao alumnado, tanto por petición do propio alumno/a, do profesorado como das propias familias.
- Asesorar ás familias e implicalas nas tarefas do centro e no proceso de ensino/aprendizaxe dos seus fillos/as.
- Colaborar e asesorar ao profesorado e ao equipo directivo para poder levar á cabo as tarefas educativas, o desempeño das súas funcións e para dar resposta as súas necesidades.
- Colaborar na aplicación e organización do programa de acompañamento emocional "Educando en Valores" do Concello de Carral.
- Colaborar co Servizo de Atención Temperá do Concello de Carral, destinado ao alumnado de EI.
- Atender as demandas, favorecer a coordinación e a atención directa ao CEIP de Tabeaio, centro incompleto adscrito ao DO do CEIPP Vicente Otero Valcárcel.

DOCUMENTOS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

| Actividades | Responsable | Destinatarios | Temporalización |
|---|-----------------------------|------------------------------|-----------------|
| Elaboración e aprobación do Plan Anual de actividades do D.O. | Orientadora | DO Claustro | Setembro |
| Revisión do Plan de Orientación (PAT, PXAD, POA). | Orientadora | Claustro Consello Escolar | Setembro |
| Avaliación do Plan Anual de actividades do D.O. | Departamento de Orientación | Membros do DO | Maio - Xuño |
| Avaliación do Plan de Orientación. | Departamento de Orientación | Membros do DO | Maio - Xuño |

| | | | |
|-----------------------------------|-------------|------------------------------------|------|
| Redacción da memoria final do DO. | Orientadora | DO Claustro Consello escolar | Xuño |
|-----------------------------------|-------------|------------------------------------|------|

AVALIACIÓN

O plan anual do Departamento de Orientación someterase a un proceso continuo de avaliación formativa. Para o mesmo, realizaremos unha avaliación parcial de cada un dos plans elaborados (acción titorial, atención a diversidade e orientación académica) coa idea de ter unha visión máis profunda que nos permita facer unha valoración final do Plan de Orientación e a Acción Titorial máis completa.

Este conxunto de informacións serán imprescindibles para valorar a validez do Plan de Orientación a medio e longo prazo. Todo este conxunto de valoracións serán reflectidas na Memoria Final Anual, entendéndoa como unha síntese reflexiva dos logros acadados, as dificultades atopadas, os factores que puideron influír en ambos casos e sobre todo, as propostas e modificacións que deberán incorporarse para a planificación do curso seguinte.

Esta concepción avaliadora implica a adopción de criterios de avaliación que nos sirvan de guía e marco de referencia. Para todas estas actividades propostas será preciso avaliar conforme os seguintes parámetros:

- Se a labor orientadora se levou a cabo a partir dunha avaliación de necesidades nun contexto real e trata de dar resposta os problemas de dita realidade.
- Se sé tiveron en conta os criterios de prioridade de necesidades que deben satisfacerse.
- Se sé facilitou a participación dos axentes da intervención orientadora na súa totalidade, tanto no seu deseño como no seu desenvolvemento e interpretación.
- Se as intervencións orientadoras acadan uns niveis de eficacia e eficiencia adecuados.

Os instrumentos que empregaremos para a avaliación de dito plan atenderán a criterios de variedade e flexibilidade, algúns deles relaciónanse a continuación:

- Debates (titoras, alumnado,.....)
- Observación.
- Análise de tarefas.
- Entrevistas.
- Enquisas.
- Reunións.

26. PLAN ANUAL DE LECTURA

OBXECTIVOS

- Seguir sendo centro de recursos bibliográficos e espazo de creación e innovación.
- Ter en conta o desenvolvemento das ODS en todas as actividades.
- Xerar experiencias que inciten á lectura: ler máis e mellor.
- Propoñer actividades que desenvolvan a escritura, a oralidade e de interese cultural.
- Deseñar as formas de acceso á biblioteca, horarios, espazos...
- Coordinarse co resto de equipos dando apoio documental e sendo proactivos.
- Levar a cabo, xunto co equipo directivo, a organización e programación do PDI do centro con actividades para traballar a alfabetización mediática e informacional.
- Mellorar e favorecer a implicación do profesorado no uso da biblioteca nas propostas e nos itinerarios lectores.
- Implicar máis ás familias na lectura e nas actividades da biblioteca (dinamización da nova colección de "lectura e familias").
- Colaborar en actividades conxuntas coa biblioteca municipal a través da Comisión da Biblioteca no seo do Consello Escolar.
- Seguir traballando para conseguir unha biblioteca inclusiva e que difunda a diversidade como unha riqueza.
- Poñer en uso o espazo maker e coordinarse co equipo de Polos creativos para solicitar o programa "Biblioteca Creativa".

ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA E PARA O TRABALLO COA INFORMACIÓN

O espazo da biblioteca está renovado e presenta moitas actividades de diferente índole. A función deste curso será dotar a biblioteca de novos recursos e seguir dinamizándoa para aprender todos e todas a utilizala. A nosa biblioteca conta con diferentes espazos para promover o uso da lectura.

- **Espazo exterior:** Adicado á lectura por pracer, onde se atopan os libros de tipo literario distribuídos en distintas seccións: cómic, poesía, inglés e narrativa (esta última dividida por idades e diferenciada por tres cores)
- **O espazo interior:** Zona creativa e informativa con mesa de luz, chroma, espazo de construción, tablets, ordenadores e pizarra dixital, libros informativos e materiais manipulativos.
- **Radio.** Localizada dentro da zona informativa, conectada á megafonía do colexio e con espazo para catro locutores e un técnico de son.

- **O punto de lectura no vestíbulo** do centro onde se atopa un andel de libros para os/as nenos/as e outro para as familias.
- **O recuncho da calma** do primeiro andar.
- **Espazo Maker** no 1º andar. Pendente de dinamizar e ao que esperamos darlle un avance este curso.
- **Espazos de lecturas nas aulas.** Os mestres poderán acudir á biblioteca nunha hora asignada á semana para facer empréstitos e outras actividades. Ademais, neste curso escolar hai unha hora adxudicada á gravación na radio para que os docentes conten coa axuda dun membro do equipo da biblioteca para dinamizar a radio escolar e ofrecer apoio a quen o poida precisar. No tempo que a biblioteca quede libre (somos 24 aulas entre infantil e primaria) tamén estará á súa disposición. Con estes empréstitos e outros que decidan os/as titores/as formarán as súas bibliotecas de aula.
- **Polos creativos**, que conta con recursos da biblioteca (libros de manualidades, papiroflexia, tangrams...) para que o alumnado poida manipularlos.

Promoveremos que se adique un tempo dentro das aulas á **alfabetización mediática e informacional** poñendo a disposición do alumnado e profesorado recursos (como tabletas dixitais e libros), formación (a inicio de curso) e información e dinamizando os xa existentes (utilizaremos as propostas do PDI tamén para este fin).

Ademais contamos con:

- "Hora de ler" duns 20 minutos na etapas de educación infantil e primaria. Lévese a cabo despois do recreo dentro do horario do centro.
- Acompañamentos lectores en diferentes modalidades, conxuntamente para educación infantil e primaria.
- Club de lectura.
- Encontros con autores.
- Formación de radio.
- Itinerarios lectores.
- Mochilas viaxeiras.
- Maletas viaxeiras.
- Unha formación inicial, en setembro, para o alumnado nunha sesión do horario lectivo na biblioteca así como unha formación para o profesorado que se leva a cabo nunha tarde.

LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS

1. ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DA BIBLIOTECA: A CONFIGURACIÓN DA BIBLIOTECA COMO “LABORATORIO DE APRENDIZAXE”.
 - Aportar e asesorar para a presenza da biblioteca nos documentos de centro.
 - Diseñar actividades de formación de usuarios, dinamizadoras e de xestión.
 - Aumentar os encontros con autores e autoras.
 - Regular a apertura da biblioteca nos recreos con dous ou tres mestres de garda.
 - Coordinarse, xunto co equipo directivo, co Concello e coas familias para dinamizar a biblio fóra e dentro do horario lectivo con actividades de lectura, robótica, culturais...
 - Manter o uso da radio e apoiar a nivel formativo e técnico.
 - Continuar cos acompañamentos lectores.
 - Continuar cos colaboradores/as e aumentar as súas funcións. Solicitar o programa Bibliotecas Escolares Solidarias.
 - Catalogar, pegar códigos de barras, ordenar, expurgar, actualizar fondos...

2. DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA. A SÚA INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO, A ALFABETIZACIÓN MÚLTIPLE E O DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE DO ALUMNADO.
 - Publicar alomenos dúas guías de lectura ao curso en Nadal e xuño de forma dixital..
 - Difundir por diferentes canles (web, redes sociais...) as adquisicións de fondos, promocionar os que xa temos e as actividades realizadas así como outras de interese cultural e lector.
 - Actualizar e dinamizar os fondos en Inglés ademais de adaptalos con códigos QR para a mellora da expresión oral nesta lingua e a atención á diversidade.
 - Propoñer actividades que teñan en conta o sentido crítico e a análise das fontes.
 - Apoiar con materiais bibliográficos, manipulativos e dixitais as diferentes áreas tendo en conta as metodoloxías e contidos do novo currículo.
 - Promocionar e usar máis E-LBE.

3. FORMACIÓN DE USUARIOS E ADQUISICIÓN DA COMPETENCIA INFORMACIONAL.
 - Revisar, programar e planificar as actividades de formación de usuarios (alumnado e mestres).
 - Seguir coa formación de usuarios e acompañamento do Primeiro Ciclo durante alomenos un trimestre.

- Aprobar en claustro un novo Proxecto Documental Integrado de Centro no que se promova unha metodoloxía de aprendizaxe por proxectos e/ou tarefas integradas que implique a ALFIN e AMI. Este PDI estará temporalizado no Plan Anual de Lectura en colaboración cos outros equipos e claustro e daráselle difusión dende o inicio de curso.

4. FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR DO CENTRO.

- Promocionar, ofrecer actividades e xestionar os préstamos dos novos fondos de "Lectura e familias" (charlas e maletas).
- Seguir atendendo ás suxestións depositadas no "buzón de suxerencias" polo alumnado sempre en cando as peticións pasen os filtros de idoneidade e calidade.
- Continuar coas mochilas viaxeiras en EI, primeiro ciclo e 3º de EP.
- Propoñer recursos para a hora de ler.
- Dinamizar e renovar os espazos: o da calma e o maker no primeiro andar e o do recibidor da entrada.
- Favorecer/promover o gusto pola lectura baseándonos nos dereitos do lector de Daniel Pennac. ("O verbo ler non soporta o imperativo. A versión que comparte con outros verbos: amar, soñar...")
- Difundir os itinerarios lectores.
- Dar a coñecer e promover o calendario do libro e da lectura.
- Continuación dos clubs de lectura..
- Crear un club de lectura de persoas adultas.
- Converter a Comisión da Biblioteca no seo do Consello Escolar nun órgano de colaboración e cooperación entre bibliotecas. Crear roteiros literarios.

5. BIBLIOTECA INCLUSIVA.

- Revisar que os documentos elaborados para a comunidade sexan de lectura fácil.
- Revisar que as actividades propostas inclúan os principios DUA.
- Priorizar a compra de fondos que traten a temática da igualdade entre persoas.
- Coordinarse co Departamento de Orientación.
- Favorecer o enfoque participativo de toda a comunidade educativa.
- Promover a reflexión, crítica e formación continua de todo o equipo de biblioteca.

6. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.

Faremos unha avaliación e reflexión continua dentro do propio equipo de biblioteca do funcionamento e das actividades realizadas durante todo o curso tendo en conta as achegas

do profesorado. Ademais tamén haberá unha avaliación e reflexión final con enquisas que aporten datos para a mellora continua (dirixidas ao alumnado, familias e ao profesorado). A partir destas enquisas e das estatísticas do KOHA trataremos de establecer unhas conclusións na memoria final que se exporán en claustro e que serán o punto de partida para as novas liñas prioritarias.

7. EQUIPO DE BIBLIOTECA. HORARIO PREVISTO.

Por motivos persoais a coordinadora anterior, Patricia Pena Barbeito, deixou o cargo este curso e pasa a selo Nicole García Moledo, provisional no centro que leva tres cursos repetindo no CADP e dous no equipo de biblioteca.

A anterior coordinadora segue tamén como apoio no mesmo ao igual que a actual xefa de estudos. Somos en total 9 persoas. A nova coordinadora ten unha hora diaria adicada á biblioteca e a anterior tres. Ademais, case todo o profesorado membro do equipo conta cunha hora á semana de dedicación á mesma o que fai un total de 14 sesións á semana adicadas á biblioteca. Este horario segue o acordado e aprobado nas NOFC.

Formarán parte do equipo de apoio unha persoa por ciclo (como mínimo) e todas aquelas que así o desexen.

ITINERARIOS LECTORES

Este curso crearemos itinerarios lectores para cada nivel e tentaremos tamén crear algúns temáticos (coeducación, diversidade...). Ademais disto:

- Faranse recomendacións por idades.
- Procurarase que sexan novidades que destacan por algunha causa pero sempre se terá presenta a calidade bibliográfica.
- Propoñeranse libros literarios nos diferentes xéneros e idiomas.
- Incluíranse libros informativos que poderán estar relacionados co PDI do centro (Todos e todas temos unha historia que contar).

A continuación recóllese información sobre como traballará cada nivel a lectura e a lingua escrita durante este curso escolar:

EDUCACIÓN INFANTIL

Fomentarase a lectura dende as idades máis temperás, tentando fomentar o gusto pola lectura e a mellora da comprensión lectora.

Na aula realizaremos as seguintes actividades: a lectura diaria dun conto á primeira hora da mañá, creación dunha zona de biblioteca na aula na que teñan variedade de textos escritos; a colaboración da mascota da Biblioteca, "Pingüi", que nos trae as novidades á aula así como outros

libros ou materiais para traballar as festas e conmemoracións. Visitas á Biblioteca e ás diferentes zonas de lectura do centro, o reparto das Mochilas Viaxeiras entre os alumnos de Educación Infantil. Ademais tratarase de realizar o servizo de préstamo de contos semanal. Cada venres o alumnado poderá elixir un conto para poder levarlo a casa. A través desta proposta foméntase a compensación das desigualdades.

A lectura do conto será unha das actividades habituais e que servirá de base para o acercamento a lectura. Levaremos a cabo o aprendizaxe da lectura a través de diferentes actividades relacionadas co conto. Á hora de ler os contos resaltarase tanto o texto escrito como as ilustracións, utilizando xestos e demais movementos do corpo para interpretar ás distintas personaxes podendo usar voces distintas, títeres, xogos de luces e sombras.... Gracias a lectura do conto diaria, traballaremos as partes dos libros como a portada, contraportada, lombo... Ademais de traballar as persoas autoras e ilustradoras do mesmo. Ademais traballarase as fórmulas de inicio e fin como "Érase unha vez" ou "Colorín colorado...". As nenas e nenos tamén terán que habituarse a ler contos mais dunha vez para traballar as súas partes de maneira mais pormenorizada (inicio, desenrolo e nó). Tamén levaranse a cabo actividades mais creativas onde poderán cambiar o título do conto ou ser quen de modificar o final. Tamén poden achegar os seus propios contos á aula para compartir a súa lectura cos demais.

En definitiva, levaranse a cabo estratexias que favorezan a aprendizaxe da lingua na forma oral coma escrita favorecendo así o posterior transito a Etapa de Educación Primaria.

1º CURSO

A lectura en 1º E.P. terá, en todas as áreas, unha especial consideración, polo que se lle adicará un tratamento específico e un tempo axeitado e amplo. Aínda así, ao igual que o resto do centro, adicaremos media sesión logo do recreo á lectura. En 1º E.P., ademais de aprender a ler, debemos concienciar ao alumnado de que a lectura debe servir para desfrutar, aprender e informarse, polo que na aula levaranse a cabo unha serie de estratexias comúns que se poden aplicar a todas as áreas:

- Traballar estratexias de comprensión de pequenos textos de distintos tipos.
- Presentación de libros na clase, analizando (portada, título, autor/a, ilustrador/a, editorial,...).
- Emprego da biblioteca de centro.
- Recomendacións lectoras (novidades, títulos preferidos,...).
- Lectura en voz alta de distintos textos sinxelos e en diferentes formatos.
- Lecturas por parte das mestras.
- Dramatización de textos sinxelos.

As lecturas que realizarán os alumnos e alumnas de 1º de E.P. van ser variadas ao longo do curso (contos, adiviñas, refráns, narrativa, banda deseñada, poesía, textos dramatizados, fábulas, lendas, textos científicos, xornais, textos publicitarios, carteis, ...); estarán relacionadas cos intereses do alumnado e co PDI do Centro; estarán adaptadas á idade e ao nivel de desenvolvemento dos/as cativos/as, tomando como punto de partida os coñecementos previos dos/as nenos/as, coa finalidade de que acaden autonomía lectora. Outro aspecto, non menos importante, será a comprensión lectora que se traballará facendo preguntas e analizando as ilustracións que acompañen aos textos.

2º CURSO

En 2º E.P a comprensión lectora, expresión escrita e oral traballarase dende todas as materias, tendo en todas unha especial consideración, polo que se lle adicará un tratamento específico e un tempo axeitado e amplo. Aínda así, ao igual que o resto do centro, adicaremos media sesión logo do recreo á lectura.

- Fomentarase a lectura por pracer.
- Traballarase a lectura de xeito constante e aproveitando as ocasións que se vaian presentando na aula durante a xornada lectiva.
- Fomentarase a lectura de textos de diferente tipoloxía e libros variados, atendendo aos seus intereses e nivel.
- Realizaranse lecturas silenciosas guiadas, así como lecturas compartidas, titores lectores e en voz alta coa finalidade de lograr unha autonomía lectora, así como unha axeitada velocidade lectora.
- Sempre se procurará partir dos coñecementos previos do alumnado formulando diferentes preguntas e para asegurar unha maior motivación e comprensión dos diferentes textos que imos ler (contos, adiviñas, refráns, avisos...).
- Fomentarase a busca de información en diferentes medios: libros, Internet, revistas.
- 2º de E.P. participará nos apadriñamentos lectores.
- Tamén se terá moi presente o PDI do centro (“Todos e todas temos unha historia que contar”) fomentando a lectura e a escritura de textos relacionados co mesmo.
- As clases de 2º asistirán á biblioteca do centro semanalmente para coñecer as instalacións, normas de uso, organización, adquirir habilidades que lle permitan desenvolverse de forma autónoma na mesma etc. Poderán coller libros prestados e levar para casa.
- Así mesmo, tamén haberá na aula unha biblioteca propia, que lle permita ós nenos e nenas disfrutar da lectura.

- Farase un seguimento trimestral da velocidade e comprensión lectora para detectar posibles carencias e poder poñer en práctica algún tipo de reforzo se é necesario.

3º CURSO

Incentivaremos o amor pola lectura, o gusto de ler por ler; e para iso utilizaremos diferentes estratexias:

- Na hora de ler, impulsaremos a lectura silenciosa, tanto a guiada como a libre (por suposto, estas lecturas estarán adaptadas á idade, interese e motivación).
- Tamén se potenciará a lectura en voz alta, tanto na hora de ler como no resto das horas lectivas. Nas distintas materias farase unha lectura en voz alta, coa entoación axeitada, para unha boa comprensión.
- Asistirase á biblioteca unha vez á semana e máis se é necesario (dependendo dos traballos e dos intereses dos alumnos).
- 3º de E.P. participará nos apadriñamentos lectores.
- A temática das lecturas abarcará desde artigos de prensa a libros científicos, pasando por contos, poemas, banda deseñada, trípticos informativos, folletos,...
- O alumnado poderá traer aportacións lectoras da súa casa.
- Este curso leremos un libro por trimestre. Cada alumno de cada clase mercará un para logo intercambialos coas outras clases. O libro mercado queda como parte da súa biblioteca persoal.

4º CURSO

A lectura terá, en todas as áreas, unha especial consideración, polo que se lle adicará un tratamento específico e un tempo axeitado. O principal obxectivo é formar lectores competentes, que adquiran as capacidades necesarias para seguir aprendendo ao longo da vida. A lectura debe servir para desfrutar, aprender e informarse, polo que na aula levaranse a cabo unha serie de estratexias comúns que se poden aplicar a todas as áreas:

- Terá especial importancia comprensión lectora a partir das súas tres vertentes: literal, inferencial e crítica. Teremos en conta tamén diferentes técnicas para melloralas como anticipar os contidos polos títulos, observación de ilustracións, busca de palabras clave e definición polo seu contexto, ampliación de novo vocabulario...
- Empregaremos a biblioteca de centro cunha hora asignada semanal e cantas necesitemos para desenvolver os nosos traballos.
- Falaremos e faremos recomendacións lectoras (novidades, títulos preferidos,...) creando conversas literarias.
- Faremos tamén lectura en voz alta de distintos textos e en diferentes formatos, usaremos a radio para este fin (a oralidade e a creación de contidos).

- Dramatizaremos textos elaborados por nós e alleos, dándolle importancia ao teatro e á poesía.
- Traballaremos a escrita coa realización de borradores coa súa posterior revisión, para iso, partiremos das diferentes tipoloxías textuais e usaranse os textos sempre cunha función social.
- As lecturas que realizarán os alumnos e alumnas de 4º de E.P. van ser variadas ao longo do curso (narrativa, banda deseñada, poesía, textos dramatizados, contos clásicos, fábulas, lendas, textos científicos, xornais, textos publicitarios, carteis...)
- Traballarase a lectura en pantalla así como a AMI a través dos materiais e recursos dispoñibles na biblioteca.
- Faremos a hora de ler variando as modalidades (en parellas, lectura por parte da mestra, lectura silenciosa, lectura en voz alta dun texto común...), , así como outras actividades que se propoñan dende o Equipo de Biblioteca (apadriñamentos, PDI, conmemoracións...).
- Propoñeremos tres libros de lectura obrigatoria que despois intercambiaremos entre clases e faremos con eles clubs de lectura. Estes son os títulos que imos traballar:
 - o "Cazadora de estrelas". María Canosa. Xerais.
 - o "Marta e a píntega". Eli Ríos. Galaxia.
 - o "Patio de luces". Érica Esmoris. Xerais.

Dos libros lidos trataremos de ter algún encontro cos autores.

5º CURSO

Dende o quinto nivel de primaria desenvolveremos estratexias comúns para lograr o obxectivo de formar lectores competentes. Estas son:

Cada día facemos a hora de ler na que abordaremos de maneira colectiva en voz alta, ou con lectura silenciosa e individual, a lectura obrigatoria de diferentes textos seleccionados. O títulos escollidos son:

- o O álbum de Garrincha de Beatriz Maceda
- o Chamádeme Simbad de Francisco Castro
- o Las brujas de Roald Dahl

Na hora de ler tamén se potenciará a lectura silenciosa de lecturas elixidas polo alumnado. Poderán traer aportacións lectoras da súa casa.

Ademais, iremos á biblioteca do centro na sesión asignada para elaborar diferentes traballos (buscas de información, uso do croma, radio...).

Traballarase a alfabetización mediática e informacional con tarefas de investigación, tratamento e comunicación da información a través das diferentes canles e medios aproveitando as dotacións tecnolóxicas incluídas dentro do programa Edixgal.

Participaremos nas actividades propostas polo Equipo de Biblioteca: apadriñamentos lectores, no PDI deste ano titulado “Todos e todas temos unha historia que contar”, elaborando programas de radio nas diferentes conmemoracións na radio na biblio, etc.

6º CURSO

No sexto curso de educación primaria, como contribución ao plan anual de lectura desenvolveremos de xeito coordinado estratexias para acadar lectores máis competentes e que sexan quen de comprender as lecturas, reflexionar sobre elas e acadar un compromiso coa lectura.

Participaremos diariamente a hora de ler na que abordaremos de maneira colectiva en voz alta, ou de forma silenciosa e individual, a lectura de obras de diferente tipoloxía textual seleccionadas dentro do itinerario lector, así como outras que se propoñan. Ademais dos vinte minutos diarios dedicados en exclusiva á lectura, faremos lecturas na aula ao longo do día nas diferentes áreas, de xeito especial nas horas das linguas.

Tamén se potenciará a lectura silenciosa de lecturas elixidas polo alumnado, podendo traelas do fogar.

A nivel de aula a biblioteca da mesma será punto chave para desenvolver este itinerario.

Traballarase a alfabetización mediática e informacional con tarefas de investigación, tratamento e comunicación da información a través das diferentes canles e medios aproveitando as dotacións tecnolóxicas das aulas como nivel incluíndo o programa Edixgal.

Cada aula do nivel marcará un dos títulos seleccionados e intercambiaranse ao rematar o trimestre. Estes serán:

- Domínguez, X. de Evan, A. – Segredos soterrados.
- Ellis, D. – El pan de la guerra.
- Fernández Paz, A. – Trece anos de Branca

Outros títulos que se inclúen no itinerario lector son:

- Prado, P. – Nerea. A invasión dos trastos.
- Iglesias, A. – Unha nova dimensión.
- Labraña, C. – Mambrú volveu da guerra.

A nivel de centro dispoñemos dunha hora semanal para asistir á biblioteca.

Os tres cursos do nivel participan nos acompañamentos lectores con outras aulas do centro e valorarán positivamente participar noutras actividades con orixe na biblioteca, como pode ser Radio na Biblio.

O obxectivo final deste itinerario é acadar lectores activos e consolidar o gusto pola lectura no alumnado.

ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORALIZADAS

Dende fai dous cursos, no noso centro lévase a cabo o Consello da Infancia ligado á biblioteca por ser partícipe nas actividades do PDI do centro. Este órgano consiste nunha xuntanza de dous alumnos/as representantes de cada aula onde poden expor diferentes ideas para o novo PDI deste curso titulado “Todos e todas temos unha historia que contar”

Durante o curso anterior e, a raíz das enquisas recollidas durante estes anos, onde as principais queixas viñan dadas pola cantidade de actividades ou a pouca antelación coas que se enviaban, decidiuse que as actividades se organizaran por trimestres e coas aportacións de todos os equipos e que logo se concretaran na reunión de coordinadores. Por iso neste documento só irán concretadas as actividades da biblio do primeiro trimestre, o resto recolleranse na memoria final PLAMBE. Parécenos que esta forma de organizarnos será beneficiosa para todos e todas e permitirá ao profesorado traballar mellor, sentirse incluído e programar as actividades asignándolles o tempo suficiente (con 15 días de antelación) para que as inclúan nas unidades didácticas.

ACTIVIDADES RELACIONADAS CO PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO “*TODOS E TODAS TEMOS UNHA HISTORIA QUE CONTAR*”.

| | |
|-------------------------|--|
| 1º TRIMESTRE | Setembro: Reunións varias co equipo directivo e cos coordinadores/as dos diferentes equipos do centro para poñer en marcha o proxecto e repartir as respectivas actividades e conmemoracións. Tamén, se levaron a cabo reunións co equipo de biblioteca para repartir as diferentes actividades entre os membros da mesma. |
| | Outubro: <ul style="list-style-type: none">● Consello da Infancia: Convocarase o Consello da Infancia na hora de ler para introducilos na temática do PDI e na propia investigación do pasado do colexio.● Día das escritoras (17 de outubro): Titulada "Elas contan historias". A actividade consiste en que, entre o alumnado do mesmo nivel, lean noutros grupos contos creados por mulleres escritoras. A cambio, a outra clase deberá facer un comentario sobre a lectura e elaborar a portada do libro que escoitaron empregando diferentes técnicas artísticas.● Día das bibliotecas (24 de outubro) e 50 aniversario do colexio. Recibe o nome de "A historia do noso cole". Consistirá na realización dunha investigación baseada na historia do colexio nestes últimos 50 anos. Cada aula poderá investigar sobre unha |

temática diferente: quen foi Vicente Otero, que xoguetes había no pasado, como eran as merendas, entrevistas a pais e nais, exalumnos do colexio, realizar obras artísticas sobre como ven o colexio, etc. Para que o alumnado mostre interese pola investigación, pegaranse carteis no colexio con imaxes de obxectos antigos facéndolle a pregunta de: Que historia teñen que contar?

OUTRAS ACTIVIDADES DA BIBLIOTECA DURANTE O 1º TRIMESTRE

| | |
|---------------------|--|
| 1º TRIMESTRE | SETEMBRO: <ul style="list-style-type: none">● Formación do alumnado sobre o funcionamento da biblioteca.● Organización das mochilas viaxeiras.● Horario de biblioteca para as aulas.● Organización dos acompañamentos lectores.● Organización de colaboradores de 5º e 6º de primaria.● Elección dos membros do Consello da Infancia.● Posta en marcha das redes sociais da biblioteca.● Elaboración do Plan Anual de Lectura.● Elaboración do Proxecto da Biblioteca. .● Catalogación de moitos dos fondos mercados coa asignación do programa "Lectura e familias"● Renovación dos fondos do punto de lectura da entrada.● Labores de organización e colocación da propia biblioteca.● Deseño e posta en contacto coa persoa que nos vai facer a medida da mesa de mesturas da radio.● Actualización de axudantes e administradores do KOHA. |
| | OUTUBRO: <ul style="list-style-type: none">● Formación do profesorado no funcionamento da biblioteca. Non se levou a cabo en setembro debido a que non había dispoñibilidade de días.● Día 24 de outubro. Día das bibliotecas: Entrega de premios aos nenos/as máis lectores/as do curso pasado. |
| | NOVEMBRO: <ul style="list-style-type: none">● Día 25 de novembro. Día contra a violencia de xénero: Recomendacións de libros. |
| | DECEMBRO: <ul style="list-style-type: none">● Día 3 de decembro. Día das persoas con discapacidade: Recomendacións de libros que falan sobre a discapacidade.● Organización do alumnado e profesorado voluntario para "Martes de radio" e "Biblioteca de talentos" para poñelo en marcha no segundo trimestre. |

RECURSOS E MATERIAIS

Contaremos con todos os recursos que temos actualmente e ademais mercaremos novos títulos e novidades e repoñeremos os que están en malas condicións ou extraviados. A biblioteca como centro de recursos será o lugar onde estean localizados diferentes materiais de difícil xeneralización para o centro. Ademais, como novidade de recursos deste curso escolar, temos as

maletas viaxeiras. Hai un total de cinco maletas viaxeiras e cada unha contén recursos relacionados cunha temática concreta (TIC para alumnado de menor idade, TIC para alumnado de maior idade, inglés, estimulación en educación infantil e familias). O alumnado poderá levar unha para a casa mediante un préstamo.

LER EN FAMILIAS

Para a implicación das familias, dentro do Plan Anual de Lectura para o presente curso, están plantexadas as seguintes actividades:

- Apertura da biblio polas tardes de martes a venres de 15:20 a 17:20. O alumnado de 5º e 6º que estea autorizado pode saír só, o alumnado de 4º pode estar só na biblioteca pero teñen que vir buscalo e o resto deberán de estar acompañados/as. Para poder asistir á biblioteca polas aulas é preciso pedir cita previa.
- Mochilas viaxeiras para Educación Infantil.
- Mochilas viaxeiras ata 3º de Educación Primaria.
- Maletas viaxeiras tanto para Educación Infantil como para Educación Primaria e para as familias.
- Comunicacions varias para a colaboración en actividades levadas a cabo pola biblioteca tanto dende a casa como acudindo ao centro a través do programa "Lectura e familias".
- Difusión das actividades e recursos en diferentes redes sociais: Twitter, Facebook e Instagram.
- Blog da Biblioteca.
- Xornadas do PDI.

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Ao finalizar o curso pasaremos enquisas ao profesorado, alumnado de Educación Primaria, de Educación Infantil e familias para poder facer melloras. Nesas enquisas avaliaranse os obxectivos propostos no inicio deste plan anual de lectura e o nivel de desenvolvemento das liñas prioritarias.

As conclusións da avaliación final, así como as propostas de mellora, incluíranse ao finalizar cada curso escolar na memoria anual do centro e na memoria PLAMBE, servindo como referente para a revisión das actuacións ao inicio do curso.

27. ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

INTRODUCCIÓN

O recoñecemento do galego como lingua cooficial na comunidade autónoma, que recolle a Constitución Española, xunto coa defensa do dereito a coñecelo e usalo, que se recolle no Estatuto de Autonomía, traducíuse no ensino nun cambio lexislativo. O sistema educativo ten como obxectivo lingüístico prioritario que os rapaces e rapazas acaden, ao longo da escolaridade obrigatoria unha competencia comunicativa en galego que só se pode conseguir a través da utilización vehicular desta lingua nunha parte significativa do currículo.

Segundo se reflicte no *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*, as linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dunha comunidade. O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 5, define o galego como lingua propia de Galicia e dispón que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que todos teñen o dereito de coñecelos e usalos.

Os centros educativos de toda Galicia, temos a oportunidade, e a obriga, de contribuír dun xeito decisivo a este proceso.

Todas as experiencias sinalan que os nenos e as nenas aprenden dúas linguas distintas coa mesma facilidade que se aprendesen unha soa. Especialmente se esas linguas teñen presenza no seu ambiente social.

No **CEIPP Vicente Otero Valcárcel** lévase realizado un traballo ao longo dos cursos que contribuíu positivamente a normalizar e regular o uso do galego no ensino aínda que non sendo o idioma predominante na realidade extraescolar dos nenos e nenas.

ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO

A partires das preguntas que se realizaron no curso 2021-22 entre o profesorado e o alumnado, puidemos concluír que nas xeracións máis novas avanza a castelanización. Así pois, mentres que a lingua inicial de cativos/as repartiuse a partes iguais entre os que aprenderon a falar en galego e en castelán, a medida que o alumnado medra, vai á escola e se socializa, diminúe o uso do galego e increméntase o do castelán.

O castelán é a lingua materna de ata un 75% do alumnado, namentres que o galego está moi por debaixo. Podemos observar como a transmisión do galego por parte dos pais e nais cara os pequenos e pequenas é baixa. O galego é a lingua máis falada cos avós e avoas, namentres que este uso do idioma con respecto aos fillos e fillas baixa á metade. Tamén é destacable que a

inmensa maioría das familias falan galego co profesorado do centro, sendo o galego a lingua maioritaria na comunicación entre o centro e as familias.

Esta visión sobre o uso do galego e o castelán e a súa transmisión familiar na casa concorda co que observa o profesorado na aula, xa que da enquisa despréndese que tres de cada catro usan máis o castelán, e menos de un de cada dez usan máis o galego.

O único ámbito, fóra do escolar, que ten algún uso do galego para eles é o familiar. Ningún dos outros ámbitos (novas tecnoloxías, medios de comunicación, música, deportes,...) transmiten a nosa lingua.

Así pois, na **Educación Infantil**, tal como establece o *Decreto 79/2010, de 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*, no seu art. 5.2, logo do resultado da enquisa efectuada aos pais antes do comezo do curso, respecto da lingua materna do alumnado que se incorpora en 4º de Educación Infantil, e tendo en conta a lingua da contorna, ao haber maioría de castelán falantes iniciais na pregunta efectuada ás familias, decidiuse, seguindo o *Decreto 79/2010*, que **a lingua vehicular sexa a lingua castelá**, tendo en conta a obrigaón de que o alumnado chegue cunha igualdade de destrezas nas dúas linguas a Educación Primaria.

OBXECTIVOS

Así pois, o EDLG propón os seguintes obxectivos para o vindeiro curso 2023-2024:

- Promover o uso do galego en todas as actividades do centro.
- Fortalecer os referentes históricos, sociais e culturais que permitan a identificación dos nenos/as coa súa terra, fomentando o uso da lingua galega como verdadeiro sinal de identidade. Neste curso potenciaranse a realización de visitas a lugares de interese.
- Poñer ao alcance dos mestres e mestras do centro de recursos musicais, bibliográficos, audiovisuais e de internet, buscando potenciar o uso do galego no material complementario que se usa a diario nas aulas.
- Colaborar ou realizar as conmemoracións tradicionais (Samaín, Magosto, Día da Paz, Entroido, Día de Rosalía, Día das Artes Galegas, Letras Galegas...) que se viñeron desenvolvendo ao longo destes anos.
- Achegar o alumnado ás actividades que realizaban os nosos avós na primavera, sobre todo as relacionadas coa celebración dos Maios.

- Potenciar a participación en concursos e actividades que teñan como fin a promoción e a valoración da nosa lingua así como crear concursos no centro escolar enfocados ao seu alumnado.
- Realizar unha pequena campaña de sensibilización entre as familias do centro na que se busque a valoración da lingua galega e mais a importancia da súa transmisión ás súas fillas e fillos.
- Estimular a lectura en lingua galega e de autores galegos, colaborando nas actividades programadas polo Equipo da Biblioteca, potenciando a adquisición de novos fondos en galego.
- Realizar gravacións e colaborar nas actividades que realice o Equipo da Biblioteca de gravación de audios do alumnado no espazo onde está a radio escolar.
- Colaborar na organización, e fomentar a participación do alumnado, en actos e espectáculos culturais que nos permitan gozar da nosa cultura.
- Favorecer que os/as alumnos/as procedentes doutras culturas se mergullen e aprecien a nosa, ao mesmo tempo que nós nos enriquecemos da súa.
- Colaborar co Concello e máis con IES de Carral nas actividades de dinamización lingüística, potenciando a participación do noso alumnado; ao igual que colaborar con outras institucións que nos propoñan actividades interesantes vencelladas coa cultura e lingua galega.
- Concienciar sobre os vencellos entre a lingua galega e máis a lingua portuguesa, buscando resaltar a utilidade do galego a nivel mundial e as figuras coñecidas coas que nos poderíamos comunicar a través do noso idioma.
- Desenvolver actividades orientadas a eliminar prexuízos sobre a lingua galega e manter informada á comunidade educativa de acontecementos vinculados coa cultura galega na zona : exposicións, festexos, concursos...
- Colaborar co Equipo de Biblioteca na procura de actividades relacionadas con ilustradores, escritores , contacontos... que promovan a lingua e a cultura galegas entre a comunidade educativa.

ACTIVIDADES

Falamos neste apartado das actividades a realizar dun xeito transversal, ao longo de todo o curso escolar, e formando parte nalgunhas delas das actividades plantexadas polos diversos equipos.

E serían:

- Emprego da lingua galega en rótulos, carteis, anuncios, comunicados, avisos, páxina web do centro, blogs,...
- Realización de investigacións sobre historia, lendas, patrimonio etnográfico da nosa contorna e promovendo as visitas a lugares de interese (Muíños de Batán, Casa do Concello, Biblioteca Municipal...)
- Revisión e corrección de comunicados, circulares, cartas, etc. por parte do Equipo de Dinamización da Lingua Galega, cando así o requira o equipo directivo, ANPA, titores/as... co fin de adaptalos á normativa oficial.
- Asesoramento ao profesorado no cumprimento do *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia* e do resto da lexislación referente ao uso do galego no desenvolvemento das actividades didácticas.
- Promoción da participación no certame literario que habitualmente organiza o Concello de Carral co gallo da celebración do Concurso de poesía.
- Participación en concursos literarios (tanto a nivel escrito como orais) organizados por diferentes entidades, e outros que se consideren de interese e promocionen a lingua galega.
- Asistencia a concertos didácticos e obras de teatro que promocionen o uso do galego, sobre todo os que teñan lugar en Carral ou na súa proximidade (Santiago de Compostela, A Coruña,..).
- Promover a visita ao centro de escritores galegos de literatura infantil, de ilustradores e contacontos sempre en coordinación co equipo de dinamización da biblioteca do centro (PLAMBE).
- Realización de actividades de contacontos: por parte dos propios alumnos/as, das familias, do alumnado doutros niveis ou etapas,...
- Ampliación dos fondos da biblioteca, procurando unha literatura en galego atractiva para os nenos/as.
- Realización de actividades en galego utilizando distintos programas informáticos.
- Realización de exposicións de obxectos e fotografías antigos co fin de dar a coñecer o noso pasado e costumes.
- Visitas de persoas maiores relacionadas co centro escolar co gallo do seu **50 aniversario** para dar a coñecer as súas experiencias, aproveitando o tema do PDI.

- Continuar actualizando a páxina web do colexio, informando nesta sobre aspectos da dinamización e normalización lingüística.

Todas estas actividades, como contemplamos nalgunha delas de xeito máis específico, estarán relacionadas e tratarán de axudar a desenvolver o PDI do centro elixido para este ano: "TODOS E TODAS TEMOS UNHA HISTORIA QUE CONTAR".

LINGUAS NAS QUE SE DEBEN IMPARTIR AS ÁREAS DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Na nosa contorna castelán falante o reto segue a ser que os alumnos consoliden unha competencia axeitada na lingua galega, non abandonen o seu uso e que acaden unha boa competencia a nivel oral e escrito. Segundo se dispón no *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*, no noso centro garantiremos a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia. **As áreas que se impartirán en galego serán :**

1º de Educación Primaria:

- Lingua galega e Literatura Galega, Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, e Música e Danza e Educación física (12 horas semanais).

2º de Educación Primaria:

- Lingua Galega e Literatura Galega, Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Música e Danza e Educación física (12 horas semanais).

3º de Educación Primaria:

- Lingua Galega e Literatura Galega, Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais e Educación física (11 horas semanais).

4º de Educación Primaria:

- Lingua Galega e Literatura Galega, Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais e Educación física (11 horas semanais).

5º de Educación Primaria:

- Lingua Galega e Literatura Galega, Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais e Educación física (11 horas semanais).

6º de Educación Primaria:

- Lingua Galega e Literatura Galega, Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Educación física e Educación en Valores Cívicos e Éticos (11 sesións semanais).

O resto das materias impartiranse en castelán, excepto lingua estranxeira en inglés e Educación Plástica e Visual en **1º e 2º de EP**. Nos niveis garántese que as materias en galego e castelán se distribúen na mesma porcentaxe de horas semanais, tal e como se contempla para a etapa no *Decreto 79/2010*.

MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA O CORRECTO USO LINGÜÍSTICO DO GALEGO

O presente apartado abrangue aquelas medidas de carácter organizativo e curricular que sexa preciso desenvolver no caso de **alumnos/as que presenten un déficit lingüístico ou insuficiente dominio das linguas**.

O primeiro paso na detección de necesidades é o/a mestre/a titor/a, que a partir da avaliación inicial e continua, identificará as necesidades existentes e aplicará as medidas preventivas e de axuste ordinario ao seu alcance.

Cando a valoración de necesidades desborde as posibilidades do/a titor/a, este dirixirse ao Departamento de Orientación que levará a cabo a preceptiva avaliación psicopedagóxica regulada na *Orde do 31 de outubro de 1996*.

A partir da detección e valoración inicial das necesidades organizaranse os apoios e estableceranse as medidas pertinentes, tanto de apoio en aula por parte dos profesores teñan horas dispoñibles como do profesor/a de Pedagogía Terapéutica ou Audición e Linguaxe se fora preciso.

Subliñar que no caso do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo o ensino **desenvolverase na súa lingua materna**, sen prexuízo de que progresivamente poidan aprender a segunda lingua, previa valoración individual de cada caso.

Para o alumnado estranxeiro, o *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario en Galicia*, establece que a administración elaborará un plan dirixido ao alumnado con necesidades educativas especiais, que asegura a capacitación lingüística nas linguas oficiais.

Por outro lado, dispoñemos da *Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro*, segundo a cal os alumnos que

descoñezan ambas linguas cooficiais, poderán incluírse en grupos de adquisición das linguas a partir dos cinco anos.

Estaremos pendentes a todas estas circunstancias dende o equipo de EDLG.

CONMEMORACIÓNS A DESENVOLVER POLO EQUIPO

No que se refire a conmemoracións do curso escolar, este equipo participará de xeito máis significativo en:

- **Samaín e Magosto**, en colaboración co EACE (31 outubro de 2023).
- **Día do Estatuto de Autonomía de Galicia** (28 de novembro de 2023).
- **Día da Constitución** (5 de decembro do 2023).
- **Entroido**, colaboraremos co EACE na organización da súa conmemoración (5 ao 9 de febreiro de 2024)
- **Día de Rosalía**, proporemos actividades en torno á figura de Rosalía (23 de febreiro de 2024).
- **Día das Artes Galegas** (1 de abril de 2024)
- **Semana das Letras Galegas**, (do 13 ao 17 de maio de 2024) propoñeremos actividades para dar a coñecer a biografía e a obra da autora homenaxeada, este ano adicado a **Luisa Villalta**.
- **Intercambio postal** con algún centro da comarca.
- Colaborar cos diferentes equipos na celebración do **50 aniversario do centro escolar**, e nas diferentes actividades a realizares ao longo deste ano para tal fin.

Ademais o EDLG colaborará co resto de equipos no desenvolvemento das diferentes actividades de celebración das conmemoracións establecidas pola lexislación.

A presente proposta do EDGL tamén contempla a posibilidade de realizar outras actividades que vaian xurdindo ao longo do curso, en función da oferta, análise e valoración que o equipo realice das mesmas e os posteriores acordos tomados.

28. PROXECTO DE PLURILINGÜISMO

XUSTIFICACIÓN E ORGANIZACIÓN

O centro participa na convocatoria da Consellería de Educación para a constitución de centros Plurilingües dende o pasado curso 22-23.

A área escollida para traballar en lingua estranxeira é *Educación Plástica e Visual* e, neste curso 2022-23 impártese en todos os grupos de *1º e de 2º de Ed. Primaria*.

A *Orde do 12 e maio de 2011 regula o funcionamento e establece o procedemento para a*

incorporación de novos centros á Rede de Centros Plurilingües de Galicia. Segundo esta Orde, terá consideración de Centros Plurilingües aqueles centros en que se impartan en lingua estranxeira áreas ou materias non lingüísticas, cunha carga horaria total impartida en lingua estranxeira de ata un terzo do horario lectivo do grupo de alumnado.

Coa participación no Programa de Centros Plurilingües preténdese o fomento da pluralidade lingüística e a multiculturalidade no centro educativo para favorecer a transferencia de coñecementos e competencias dunha lingua a outra.

Os *docentes implicados* no proxecto plurilingüe neste curso serán:

- Marta Maceira Muíños (coordinadora do proxecto), docente Lingua Estranxeira en 2º A, 2º B, 2º C, 6º A, 6º B e 6º C. Así mesmo imparte Ed. Plástica e Visual en 2º A e 2º B.
- Alberto López Muñiz, docente da área de Educación Artística (Plástica) en 1º A, 1º B, 1º C e 2º C; así como titor en 6º de primaria.
- María Otero Desentre e Nuria Pedreira del Río, mestras de inglés en 1º EP.
- A auxiliar de conversa en caso de que se incorpore finalmente a persoa que tiña asignado o noso centro ou de que envíen a alguén no seu lugar (actualmente estamos pendentes de que se solucione dende a Asesoría de Linguas Estranxeiras, xa que a auxiliar acaba de informar de que non vai poder vir). En caso de vir, contaría con dezaseis horas de docencia semanais, que se repartirían, na medida das posibilidades, entre todos os cursos de Primaria dando prioridade ás sesións de Educación Plástica e Visual. Permanecería adscrita ao Centro dende o 1 de outubro ata o 31 de maio en caso de incorporarse e facelo en prazo.

Para levar a cabo o Proxecto Plurilingüe do Centro é moi importante a coordinación e implicación de todo o profesorado implicado (mestras especialistas de Lingua Estranxeira e docentes CLIL), así como o apoio por parte da Administración garantindo que os docentes de lingua estranxeira teñan dispoñibilidade horaria para dita coordinación e implicación no proxecto.

OBXECTIVOS DO PROXECTO PLURILINGÜE

- Potenciar as destrezas orais do alumnado na Lingua Estranxeira, tanto na clase de Inglés como na de Educación Plástica e Visual.
- Contribuír ao desenvolvemento das competencias que indica o *Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- Participar nas actividades complementarias de centro con diferentes propostas elaboradas e/ou presentadas na lingua estranxeira.

- En caso de dispoñer dela, incorporar a figura da persoa auxiliar de conversa como un apoio e recurso persoal para fomentar a escoita e a fala en lingua inglesa así como para contribuír ao enriquecemento cultural do alumnado e do centro.
- Etiquetar diferentes espazos do centro con carteis en lingua estranxeira.
- Tentar introducir a lingua estranxeira, pouco a pouco, en diferentes espazos do centro (menú do comedor escolar, música do inicio do día e das saídas en inglés nalgún dos meses, biblioteca...)
- Coordinarse cos diferentes equipos do centro para contribuír, empregando a lingua inglesa, ás diferentes propostas e actividades que se leven a cabo.
- Coordinarse cos mestres tutores sempre que sexa posible para traballar en equipo e de xeito máis significativo para o alumnado.
- Participar empregando a lingua estranxeira nas diferentes conmemoracións que se leven a cabo no centro.
- Celebrar algunhas festividades da cultura anglosaxona. Neste curso pretendemos descubrir a historia e a tradición do Día de Acción de Grazas (Thanksgiving) co alumnado.
- Elaborar, polo menos, un produto final en lingua inglesa relacionado co PDI de centro.
- Empregar material de refugallo sempre que sexa posible nas diferentes propostas levadas a cabo.
- Participar nas propostas e actividades de formación relacionadas co Plurilingüísimo levadas a cabo pola Consellería de Educación sempre que sexa posible, así como acudir ás xornadas de acollida para auxiliares de conversa a comezos de outubro.
- A finais de curso a persoa coordinadora realizará a avaliación do Proxecto e unha proposta de boas prácticas, xunto coa persoa auxiliar de conversa.

FUNCÍONS DA PERSOA AUXILIAR DE CONVERSA

As funcións das persoa auxiliar de conversa están recollidas na *Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regula a actividade das persoas auxiliares de conversa*, e son as seguintes:

- a) Posibilitar a práctica da conversa oral na lingua estranxeira obxecto de estudo do alumnado.
- b) Achegar ao alumnado e o profesorado á cultura do país onde se fala a lingua estranxeira, mediante a presentación de temas de actualidade e actividades lúdicas.
- c) Proporcionar un modelo de corrección fonética e gramatical na lingua estranxeira correspondente.
- d) Colaborar co profesorado na elaboración de materiais didácticos.
- e) Colaborar nas actividades e nos proxectos internacionais en que participe o centro de ser o caso.

- f) Apoiar ao alumnado cos medios informáticos ou audiovisuais necesarios para a mellora da lingua oral.
- g) Calquera outra relacionada coa lingua estranxeira obxecto de estudo, que lle sexa encomendada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- h) Ao constituírse como Plurilingüe, o Centro asume o compromiso de participar nas actividades de formación e colaborar nos procesos de avaliación do alumnado e do centro que ao respecto determine a Consellería de Educación.

AVALIACIÓN DO PROXECTO

A coordinadora do programa, coa participación do profesorado implicado no mesmo, elaborará unha memoria ao remate do curso escolar para a súa integración na memoria anual do centro. Nesta memoria valorarase a evolución do alumnado na lingua estranxeira, a contribución da auxiliar de conversa (en caso de tela), analizarase a organización do programa, as diferentes estratexias empregadas e incluíranse tamén propostas de mellora.

29. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC. EDIXGAL

O plan de integración das TIC é entendido como un recurso a disposición do profesorado dedicado a potenciar a utilización das novas Tecnoloxías da Información e Comunicación, como unha ferramenta máis de aprendizaxe, ademais de desenvolver nos nosos alumnos e alumnas aquelas competencias necesarias para que utilicen o ordenador da forma máis adecuada e segura. Este plan, entendido como a concreción anual do Proxecto TIC, inclúe os mecanismos necesarios para desenvolver neste curso académico os obxectivos concretos do Plan dixital e do Plan de Polos Creativos.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO 2023-2024:

- Colaborar coa empresa de mantemento informático para que exista un bo funcionamento dos dispositivos dixitais de traballo do profesorado e alumnado. Para isto existe un sistema de notificación de incidencias: un formulario telemático incluído na páxina web do centro.
- Colaborar na dinamización e funcionamento da aula Polos Creativos.
- Colaborar na continuidade do Plan Dixital, deseñado e realizado nun PFPP no curso 2021-22 e vixente desde o curso 2022-23.
- Colaborar co equipo directivo no mantemento e actualización da páxina web do centro.
- Promover a actualización, formación e reciclaxe no uso de ferramentas dixitais do profesorado.

- Dar a coñecer e promover na comunidade educativa ferramentas de recursos dixitais e aplicacións corporativas.
- Revisar e actualizar o inventario TIC do centro.
- Actualizar a aula virtual do centro.

COLABORACIÓNS COAS DEMAIS DINAMIZACIÓNS

EQUIPO DA BIBLIOTECA:

- Fomentar a utilización da biblioteca como recurso de busca de información empregando o material informático e audiovisual.
- Colaborar coas iniciativas nas que interveñen as TIC..
- Colaborar nas actividades de radio.
-

EQUIPO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS E EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA:

- Edición de actividades dixitais (vídeos, revistas dixitais,...)
- Dinamización da Lingua Galega, en canto á parte técnica (vídeos, revistas dixitais,...)

PLAN ANUAL DE POLOS CREATIVOS

XUSTIFICACIÓN

Seguindo coa intención de dixitalizar o entorno de ensino-aprendizaxe do centro, en xuño do 2022, deseñouse un proxecto para acceder a dotación do Plan Polos Creativos. Fomos aceptados e recibimos a dotación en xaneiro 2023, aínda que o centro comezou preparando o espazo e ofertando actividades xa dende outubro 2022. Dende entón recibimos unha pequena formación e continuamos apostando por estas novas ferramentas STEAM.

OBXECTIVOS

- Potenciar o uso do equipamento de Polos Creativos pola Comunidade Educativa do centro (alumnado, profesorado e familias).
- Realización dun PFPP para favorecer a dinamización de Polos Creativos entre o profesorado.
- Realización de inventariado de todos os elementos relativos a Polos Creativos.
- Compra de materiais funxibles para os distintos elementos que os requiren: tóner, PLA, PLC para os bolígrafos 3D, bases para o plotter, chapas...
- Creación dun taboleiro dixital colaborativo con recursos sobre os materiais de Polos Creativos para achegar o seu uso ao profesorado.

- Propostas de pímulas formativas para o claustro.
- Fomentar especialmente aquelas accións que impliquen a participación de nais e pais xunto cos seus fillos e fillas en actividades de creación.
- Potenciar a colaboración cos outros Equipos dinamizadores do centro.
- Difusión na web do centro e no blog.

PROPOSTAS ORGANIZATIVAS

Aínda que as recomendacións piden centralizar todo o relativo a Polos Creativos nun só espazo, no equipo TIC pensamos que, diversificando espazos, a utilización podería ser simultánea e, polo tanto máis frecuente. Así pois, apostamos por un pequeno cambio na organización dos portátiles deixando 15 na aula de Polos Creativos e os restantes (16) repartidos en dous carros móbiles que permitirán o préstamo para as aulas. Tamén poderán sacarse os robots ás aulas.

Situaranse plantillas para apuntar os materiais (portátiles e robots) que se sacan para traballar con eles noutros lugares co obxectivo de saber en todo momento onde están e se tiveron algunha incidencia.

Haberá horarios para que os distintos grupos clase accedan, segundo a súa preferencia, ao espazo de Polos; tanto no tempo de recreo como nas sesións lectivas onde cada titor co seu grupo clase terá unha sesión semanal reservada para o seu uso.

Todos os niveis de EP do centro poderán acudir unha vez á semana nos recreos ao espazo de Polos Creativos. Contarase con alumnado colaborador de 5º e 6º de EP para guiar ao alumnado visitante.

O alumnado de 4º, 5º e 6º de EP poderá acudir só polas tardes a Polos e o alumnado restante acompañado dun adulto. Un mestre/a de garda estará no espazo.

PLAN DE ACTIVIDADES

Co propósito de manter un fío condutor co PDI do centro, este ano: *"Todas e todos temos unha historia que contar"*, o equipo TIC seleccionou diferentes temáticas para ofrecer unha "volta ao pasado" e coñecer as orixes de diferentes aparellos tecnolóxicos a través de obradoiros, retos e diferentes actividades. As temáticas elixidas son:

- Xoguetes
- Telefonía
- Películas/cine
- Fotografía
- Videoxogos
- Ordenadores
- Música

Asemade, ofertaranse recunchos para desenvolver proxectos mediante a experimentación, o prototipado e a construción. Tamén albergarán prácticas de investigación e proxectos baseados na abordaxe de problemas reais que inclúan a innovación e fabricación a pequena escala, actividades nas que se traballe a intelixencia artificial, o procesado audiovisual e artístico, impresión 3D e robótica, pensamento computacional e programación/codificación, entre outras.

30. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE CONVIVENCIA

A continuación, expóñense algúns dos obxectivos específicos dentro do marco do Plan de Convivencia para o vindeiro curso 2023/2024, coas súas accións concretas:

1. Uso do diálogo, dado que o alumnado ten os seus propios puntos de vista que enriquecen o proceso educativo e que deben ser, polo menos, escoitados e contrastados.
 - Accións concretas: Continuidade do Consello da Infancia.
2. A posta en práctica da aprendizaxe cooperativa, fronte á competitiva e á individualista.
 - Accións concretas: Continuidade do PFPP do curso 2022/2023 sobre metodoloxías activas e aprendizaxe cooperativa. O aprendido será empregado polo profesorado asistente nas súas respectivas aulas.
3. A afirmación da dignidade das persoas, favorecendo a súa autoestima e a autoconfianza.
 - Accións concretas: instalación dun punto de "Páxinas amarelas" onde o alumnado poderá solicitar ou ofrecer pequenos "voluntariados" sobre aquilo que precisan ou se lles da ben. Establecerase un punto de encontro e autoxestionarase coa axuda do profesorado do centro.
4. Establecemento de normas no marco dunha democracia participativa, escoitando as opinións dos alumnos e das alumnas naqueles puntos que lles atinxen.
 - Accións concretas: escolla de delegadas/os nas titorías, realización de asembleas, Consello da Infancia, debates...
5. Afrontamento positivo do conflito, tomándoo coma unha oportunidade para educar e para conseguir que os alumnos e as alumnas melloren as súas capacidades persoais e sociais.
6. A implicación das partes na xestión do conflito, coma o mellor camiño para resolvelo realmente.
7. A xestión alternativa de problemas, para o que é preciso crear o clima, definir e discutir o problema, explorar solucións alternativas...
 - Accións concretas para os obxectivos 5, 6 e 7: Para a dinamización da convivencia no patio do recreo, créanse as figuras de mediadoras e mediadores de conflitos, arbitraje dos deportes de pista, responsables de carriños de material e patrullas ecolóxicas. Estas/es serán formados pola Coordinadora de Benestar e Convivencia, así como polo Coordinador do Equipo de Medio Ambiente durante as sesións lectivas.

Así mesmo, serán asesoradas/os polo persoal docente do centro.

COLABORACIÓN DO EQUIPO CONVIVENCIA E BENESTAR COAS DEMAIS DINAMIZACIÓNS

- EQUIPO DE BIBLIOTECA e TIC:
 - Suxerenzas de material de alfabetización informacional e mediática para o traballo da convivencia escolar.
 - Bancos de libros, películas, revistas... sobre temáticas variadas (dereitos humanos, colectivo LGTBIQ+, diversidade, feminismo...).
- EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA:
 - Materiais para o traballo da convivencia en lingua galega.

31. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE IGUALDADE

A continuación, expóñense algúns dos obxectivos específicos dentro do marco do Plan de Convivencia para o vindeiro curso 2023/2024, coas súas accións concretas:

1. Examinar os contidos e materiais utilizados dentro do proceso educativo para evitar incluír elementos sexistas, anular modelos femininos, etc.
 - Accións concretas: cuestionar o que nos ofrecen os libros de texto dende as titorías, educar dende o espírito crítico, actualizar o catálogo da Biblioteca escolar para contar con máis recursos que inviten a eliminar os estereotipos de xénero e educar na igualdade etc.
2. Detectar as situacións de desigualdade que se poden dar no espazo educativo observando as condutas, actitudes, a linguaxe, percepcións e roles masculinos e femininos, a vida profesional, as súas expectativas de futuro, etc.
 - Accións concretas: Créanse as figuras de mediadoras e mediadores de conflitos e dos deportes de pista, Estas/es serán formados pola Coordinadora de Benestar e Convivencia, terán entre as súas funcións velar pola equidade no patio do recreo e na pista, durante a realización dos distintos deportes. Procurar que todas e todos se sintan incluídos, teñan a oportunidade de xogar, non se sintan excluídos por calquera motivo e, especificamente, por motivos de xénero.
3. Impulsar o empoderamento da muller introducindo figuras femininas relevantes dentro dos contidos, fomentando a participación das alumnas cuestionando os modelos tradicionais das relacións de xénero dentro do espazo educativo.
 - Accións concretas: tomando como referencia o PDI do centro "todas e todos temos unha historia que contar", propoñeranse actividades para dar voz a referentes

femininas de todo tipo.

4. Intervir para o desenvolvemento integral das alumnas e alumnos en igualdade.
 - Accións concretas: Entre as propostas, destaca a obra realizada nos baños para garantir que sexan mixtos e verdadeiramente inclusivos.
5. Fomentar os valores como tolerancia, respecto, colaboración, igualdade, a través de actividades onde os nenos e nenas experimentan distintos roles, cambiar as xerarquías existentes na sociedade por outras non estereotipadas e debatidas nos grupos de traballo cos alumnos e alumnas.
 - Accións concretas: esencialmente nas titorías (atribución de roles de todo tipo nas tarefas de aula, delegados e delegadas, roles de mando independentemente do xénero...).

32. PLAN ANUAL DE ACTIVIDADE FÍSICA E HÁBITOS SAUDABLES

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A base legal de este Plan anual recóllese na *Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa*. Este plan está dirixido á totalidade do alumnado do centro, que reúne as características mencionadas en apartados anteriores deste documento.

Na nosa vida é importante manter uns hábitos saudables para o mellor mantemento posible da saúde non só física senón tamén mental e emocional, e en consecuencia, poder manter unha boa calidade de vida. Varios son os factores que axudan a isto, e un deles moi beneficioso, é o movemento do corpo e a práctica regular de exercicio físico, tendo en conta ademais, que na sociedade actual na que vivimos hai gran cantidade de aspectos que afectan negativamente á saúde. Así, en moitas ocasións o alumnado a medida que vai crescendo cara a súa idade adulta vai abandonando a práctica de actividade física e/ou deporte co cal faise moi importante establecer na maior medida posible uns bos hábitos desde idades temperás.

Co presente plan desde o centro preténdese aumentar o tempo diario efectivo de práctica de actividade física para contribuír a favorecer o desenvolvemento integral do alumnado, dar como opción a práctica de actividade física para formar parte da súa vida e ocupar o seu tempo de lecer disfrutando do mesmo e concienciar da importancia da adquisición dun estilo de vida activo como un hábito saudable perdurable na súa futura vida.

XUSTIFICACION

Este plan responde:

- Ao artigo 31 do *Decreto 150/2022 polo que se establece a ordenación e currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia* e ao Artigo 35 de Plans Educativos de Promoción de estilos de vida saudables do *Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*, que di que o centro docente deberá incluír dentro do seu proxecto educativo un plan de actividades físicas e hábitos saudables e que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións.
- Ao punto 1 do artigo 12 da *Orde do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia* e se regula a avaliación nesa etapa educativa e o Artigo 11 de Plans Educativos da *Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia* e se regula a avaliación nesa etapa educativa, onde dise que o centro escolar deberá incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de actividades físicas e hábitos saudables.
- Ao artigo 16 da *Orde do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro* e o Artigo 15 de plan de actividades físicas e hábitos saudables da *Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro*, e se regula a avaliación nesa etapa educativa, que di que o plan de actividades físicas e hábitos saudables terá por finalidade a práctica diaria de deporte e de exercicio físico e actividade física durante a xornada escolar e a promoción dunha vida activa, saudable e autónoma.

Ademais este plan ten en conta:

- Un dos obxectivos xerais da etapa de Educación Primaria que segundo *Decreto 155/2022, do 15 de setembro*, concretamente o K, fai referencia a adopción de hábitos saudables e concretamente di: " Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social."
- O punto 10 do Artigo 16 e o punto 1 do Artigo 17 do *Decreto 155/2022, do 15 de setembro*, de Principios pedagóxicos e de Elementos transversais respectivamente, onde dise que

promoverase entre outros aspectos o desenvolvemento sustentable e a educación para a saúde e que trátaranse estes contidos de carácter transversal.

- O Perfil de saída do alumnado ao acabar o ensino básico e a relación coas competencias básicas do *Decreto 155/2022, do 15 de setembro*, onde fálase de preparar ao alumnado para desenvolver estilos de vida saudable a partir da comprensión do funcionamento do organismo e a reflexión crítica sobre os factores internos e externos que inciden nela, asumindo a responsabilidade persoal e social no coidado propio e no coidado das demais persoas, así como na promoción da saúde pública.
- Obxectivo de adoptar un estilo de vida activo e saudable, practicando regularmente actividades físicas e deportivas e adoptando comportamentos que potencien a saúde física, mental e social, para interiorizar e integrar hábitos de actividade física sistemática que contribúan ao benestar, o cal atópase aliñado cos retos do século XXI e cos obxectivos de desenvolvemento sostible. A súa adquisición alcanzarase a través da participación activa nunha variada gama de actividades físico-deportivas que, lle darán a oportunidade de coñecer estratexias para vivenciar a práctica en coherencia cos referentes que serven de base para a promoción da saúde física, mental e social.

ANÁLISE DO CONTEXTO

Entendemos que dende o centro escolar debemos promover e garantir un mínimo de actividade física, de alimentación equilibrada e de benestar emocional. A mellora no recoñecemento persoal da necesidade de manter hábitos saudables tanto a nivel físico como mental e emocional repercute positivamente en como as nenas e nenos afrontan a escola, favorecendo, entre outros aspectos, unha maior atención, predisposición favorable cara a aprendizaxe...

Ademais da aplicación do plan segundo a lexislación vixente, a práctica totalidade do profesorado do centro entende como importante o desenvolvemento e posta en práctica do mesmo, e servindo como un punto engadido a outras iniciativas xa levadas a cabo no centro e que colaboran ao obxectivos de adquirir un estilo de vida activo e hábitos saudables para poder acadar unha boa saúde integral.

Recollemos neste plan as propostas que, dende diferentes ámbitos, se levan a cabo no noso centro para promover hábitos saudables na nosa comunidade educativa.

- Alimentación: fanse recomendacións de merendas saudables para os recreos.
- Alimentación: dende o comedor escolar fai anos que se aposta por una alimentación non só variada e saudable, senón tamén responsable e sostible. É por isto que traballamos dentro do proxecto de "Comedores Escolares Km 0", de Slow Food Compostela, buscando

na medida do posible produtos de proximidade ou con certificados de calidade e ecolóxicos".

- Alimentación: participación por parte do centro no programa de Froita na escola
- Alimentación: reparto por parte do centro de leite nos recreos.
- Deporte: fanse recreos deportivos de diferentes deportes e/ou xogos.
- Deporte: proposta de 10 min de exercicio físico diario para todo o alumnado camiñando ou correndo un determinado percorrido polo centro.
- Deporte: coñecemento de clubs deportivos e actividades deportivas recibíndoos no centro ou saíndo a visitalos.
- Deporte: participación a través do programa Xogade en xornadas deportivas de convivencia con centros outros centros escolares próximos.
- Actividades complementarias: propoñendo e facendo algunhas saídas relacionadas con Educación Física como rutas de sendeirismo ou actividades deportivas.
- Charlas sobre deporte, actividade física e/ou saúde a través de visitas ao centro de persoas deportistas ou especialistas.
- Celebración de día especiais: realización de actividades físicas no día do deporte ou día da saúde.
- Celebración de día especiais: axuda na organización e realización de xogos nalgunha conmemoración-
- Oferta de diferentes xogos de patio para os recreos.

OBXECTIVOS

- Promover no alumnado un estilo de vida activo e saudable.

INDICADOR: Realízase actividade física a parte das clases de Educación Física.

- Promover a práctica diaria de actividades físicas de carácter lúdico por parte do alumnado.

INDICADOR: Realízase actividade física a parte das clases de Educación Física.

- Concienciar ás nenas e nenos no hábito da práctica de actividade física diaria para una boa saúde.

INDICADOR: Dáse a coñecer efectos beneficiosos da práctica de actividade física para a saúde.

- Educar na repercusión que teñen a alimentación e a actividade física na saúde e no noso benestar.

INDICADOR: Dáse a coñecer efectos beneficiosos da alimentación e da práctica de actividade física para a saúde.

- Fomentar unha alimentación equilibrada, variada e saudable como base dunha boa saúde física e mental.

INDICADOR: Danse a coñecer os efectos beneficiosos da alimentación para a saúde con diferentes tipos de alimentos no recreo e no comedor.

- Practicar regularmente actividade física.

INDICADOR: Faise actividade física no centro regularmente.

- Camiñar ou correr diariamente unha determinada distancia.

INDICADOR: Realízase un determinado percorrido camiñando ou correndo.

- Dar a coñecer opcións de realización de actividade física e/ou deporte.

INDICADOR: Dáse a coñecer diferentes actividades físicas e/ou deportes.

- Implicar ao profesorado na realización do plan e da difusión do mesmo.

INDICADOR: Lévese a cabo o plan deseñado por parte do profesorado.

PROCEDEMENTO DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN DO PLAN E DE DIFUSIÓN

Levarase a cabo unha avaliación dos resultados obtidos na realización do plan para poder modificar o mesmo e realizar as melloras necesarias de cara a próximas postas en práctica tendo en conta tanto ao alumnado como ao profesorado.

Durante o desenvolvemento do plan teranse en conta as particularidades do alumnado e de calquera aspecto implicado na posta en práctica sendo importante ter presente que durante o desenvolvemento do plan poderase levar a cabo calquera adaptación ou modificación necesaria para reaxustar a actividade en función de como vaia resultando a posta en práctica no día a día e dos seus resultados inmediatos obtidos.

Ao rematar tomaranse as medidas oportunas para poder mellorar os resultados reaxustando os aspectos que sexan precisos para adecualos ao contexto do alumnado e do centro. Recollense unhas propostas de mellora de cara ao seguinte curso facendo unha análise dos cambios introducidos e as súas posibles causas.

Os correspondentes aspectos a revisar para avaliar e poder modificar o plan son os seguintes.

- A elaboración do plan foi axeitada.
- Os obxectivos expostos foron axeitados.
- Os indicadores de logro foron axeitados.
- Os recursos foron suficientes.
- A temporalización foi boa.
- A metodoloxía foi activa e participativa.
- As NEAE foron tratadas axeitadamente.
- A actividade foi axustada aos obxectivos, recursos dispoñibles e tempos previstos.
- A avaliación realizouse axeitadamente.
- Tívoise en conta o plan polo profesorado e alumnado.

A difusión do plan por parte do centro realizarase a través da web do centro así como nas correspondentes reunións con toda a comunidade educativa.

33. PLAN ANUAL DE RECICLAXE E MEDIOAMBIENTE

INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN

A Organización das Nacións Unidas fixo recentemente un chamamento á acción global para rematar coa pobreza, protexer o planeta e garantir que todas as persoas gocen de paz e prosperidade.

A escola non é allea a esta realidade, nin ás necesidades de preservar o planeta, e é por iso que dende o centro xurde a necesidade de crear este plan de reciclaxe e medio ambiente, a implantar no curso 2023-2024.

Así o apoia a *Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei 2/2006, de 3 de maio, de Educación, LOMLOE*, que sinala no seu preámbulo que os centros deben converterse en lugares de custodia e coidado do medio ambiente. Para tal fin, encoméndanos promover unha cultura de sustentabilidade ambiental, cooperación social, que fomente a reciclaxe o es espazos verdes.

Entre os fins que persegue o noso sistema educativo, dita lei recolle "... a adquisición valores que propicien o respecto cara aos seres vivos e os dereitos dos animais e o medio ambiente, en particular ao valor dos espazos forestais e o desenvolvemento sostible"

No noso centro conviven as etapas de Educación Infantil e Educación Primaria. Os seus principais referentes legais tamén inciden nestas necesidades:

Por unha banda, o *Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia*, recolle entre outras liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe "*a sensibilidade cara ao medio ambiente e a necesidade de actuar para preservalo fomentando o coidado e a mellora da contorna mediante a integración de hábitos de vida sans e sustentables*". Así mesmo incide de xeito especial neste eido no tratamento da área de Descubrimento e exploración da contorna.

Doutra banda, o *Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*, ten entre os seus principios pedagóxicos a promoción en tódalas áreas da educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable. Dito currículo incide ao longo das diferentes áreas na reciclaxe, consumo responsable, coidado do medio ambiente e o desenvolvemento sustentable en xeral, tendo un tratamento importante na área de Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais.

Finalmente, destacar que dende este plan se quere facer unha contribución aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030, sendo manifesta a contribución aos obxectivos

número 12 – produción e consumo responsables, 13 – acción polo clima, 14 – vida submariña e 15 – vida de ecosistemas terrestres.

OBXECTIVOS XERAIS E LIÑAS DE ACTUACIÓN

Neste primeiro ano preténdese como obxectivo principal implantar unha cultura de reciclaxe e desenvolvemento sostible no centro, creando conciencia na comunidade educativa.

Os obxectivos xerais que se perseguen no centro son:

- Concienciar e sensibilizar á totalidade da comunidade educativa acerca da situación medioambiental do planeta.
- Fomentar o interese da comunidade educativa polo coidado e mellora do entorno.
- Desenvolver no alumnado a capacidade de aprender sobre o medio que os rodea.
- Ampliar os seus coñecementos ecolóxicos acerca da reciclaxe, o uso responsable da auga e enerxía e o coñecemento dos recursos naturais.

En concreto, neste primeiro curso tomaranse como referente as seguintes liñas de actuación:

- Instaurar un sistema de recollida selectiva de residuos eficaz, na liña das correntes actuais de tratamento de residuos.
- Facilitar que este sistema perdure no tempo.
- Reducir a cultura de usar e tirar, concienciando especialmente no mal aproveitamento do material escolar.
- Reducir o uso de plásticos na escola e na vida diaria.
- Promover a horta escolar como unha actividade sostible e de contacto coa natureza.
- Participar en actividades de repoboación, que contribúan a recuperar espazos forestais da nosa contorna, no marco da aprendizaxe por servizo.
- Participar en actividades de recollida de lixo en espazos próximos ao centro, tamén coma actividade de aprendizaxe por servizo.
- Organizar actividades de conmemoración do Día Mundial da Saúde (7 de abril) e o Día Mundial do Medio Ambiente (5 de xuño)
- Difundir entre a comunidade educativa actividades formativas e exemplos de boas prácticas en materia de coidado do medio ambiente.
- Ofrecer asesoramento a toda a comunidade educativa.

DIAGNOSE INICIAL

O centro conta cuns 440 alumnos e alumnas, máis de 40 profesionais docentes, 2 persoas coidadoras, 2 persoas de administración e servizos, o equipo de cociña conformado por 5 persoas, as persoas colaboradoras de comedor e as 4 persoas do equipo de limpeza.

Á hora de comezar este plan, cóntase cos seguintes recursos:

- Recursos existentes: hai grande variedade de papeleiras de uso xeral, a excepción de un caixón que serve como depósito de papel e un contedor de pilas cuxa localización pasa inadvertida. No anterior curso, durante un trimestre funcionaron unhas patrullas ecolóxicas que foron dotadas de algúns materiais para contribuír a ter un patio máis limpo.
- Xestión dos residuos: as papeleiras son baleiradas polo persoal de limpeza que non realiza separación dos residuos. Só se fai unha correcta separación de residuos na cociña coa materia orgánica e en ocasión do papel e cartón.
- Colectores externos: hai dous colectores xerais e dous de orgánico.

En canto aos recursos materiais existentes pódese concluír que hai un bo punto de partida, pero a xestión é manifestamente mellorable, así como a necesidade de novos colectores para desenvolver correctamente o programa de separación de residuos.

En canto a outros aspectos que se pretende acadar, detéctase a necesidade de informar e concienciar sobre o consumo xeral e do material escolar en particular, na redución do uso de plásticos, o uso responsable da auga e enerxía, o coidado da contorna, a horta e a difusión de boas prácticas.

RECURSOS MATERIAIS

Para levar a cabo este plan, precisarase dos seguintes recursos materiais:

- Colectores de gran tamaño para depositar papel e cartón, envases e restos orgánicos.
- Instalación creada para depositar os residuos que xeramos co material escolar e que permita ver a evolución ao longo do curso.
- Pequenos colectores para zonas de gran xeración de residuos e os "mini puntos limpos".
- Papeleiras e caixas en número suficiente, que permitan separar en cada aula e espazo do centro os residuos.
- Carros e equipamento (luvas, distintivos, pinzas...) para as patrullas ecolóxicas e persoas colaboradoras na xestión.
- Materiais de refugallo que se poidan aproveitar para a elaboración de pequenas macetas.
- Bancais e mesas de cultivo, así como ferramentas para o coidado das plantas.
- Aqueles achegados polas TIC que poidan contribuír á difusión das boas prácticas.

RECURSOS PERSOAIS

- **Persoas responsables**

As persoas responsables serán os membros do Equipo de Reciclaxe e Medio Ambiente (ou as persoas que os substitúan no seu defecto). Este equipo está conformado por dúas mestras de Educación Infantil, dous mestres de Educación Primaria, un mestre especialista en Educación Física e unha mestra especialista en Lingua Estranxeira.

A persoa coordinadora traballará en estreita relación e coordinación co equipo directivo, co gallo de imprimir un maior carácter global ao proxecto.

Entre as súas funcións, están a de velar polo correcto funcionamento do plan, corrixir as posibles deficiencias e incidencias, difundir as boas prácticas, dinamizar as actividades de repoboación e horta escolar e asesorar ao resto da comunidade educativa.

- **Alumnado colaborador**

O alumnado do centro (a excepción do segundo ciclo de Educación Primaria) colaborará nas labores de recolecta e separación de residuos. Ademais tamén velarán polo correcto uso da auga e a enerxía. Formarán equipos de traballo compostos por unha combinación de alumnado do terceiro ciclo de Educación Primaria con alumnado de Educación Infantil ou o primeiro ciclo de Educación Primaria.

Desenvolverán a súa labor despois do recreo, nos días sinalados.

- **Patrullas ecolóxicas**

Estarán integradas por o alumnado do segundo ciclo de Educación Primaria. Estas patrullas estarán integradas polas persoas voluntarias que queiran participar. As quendas xestionaranse de modo coordinado co Equipo de Convivencia e Benestar.

Desenvolverán a súa labor durante os recreos. As súas funcións son as de vixiar o bo uso de luz e auga no centro; informar e implicar ao resto da comunidade educativa no respecto ao medio ambiente, separación de residuos e reciclaxe; propoñer melloras e vixiar que non se tiren restos ao chan.

- **Persoal de limpeza**

Coa execución deste plan, preténdese liberar de carga de traballo ao persoal de limpeza. Explicaráselles o novo sistema de xestión de residuos e o seu novo papel, que será importante á hora de detectar posibles incidencias e colaborar na xestión dos residuos. Buscarase así mesmo o seu compromiso medioambiental co uso de produtos máis respectuosos co medio ambiente e o axeitado uso da enerxía e auga.

- Claustro

Todas as persoas do claustro serán asesoradas no novo sistema de xestión dos residuos así como asesoráraselles en todas e cantas outras actividades se desenvolvan dende o equipo de Reciclaxe e Medio Ambiente.

ORGANIZACIÓN DA XESTIÓN DE RESIDUOS

- Envases

A recollida realizarase os xoves á volta do recreo do seguinte xeito:

- 2 alumnos/as de un dos sextos acompañados cada un de 1 alumno de 3 anos recollerán os envases da planta baixa. O equipo 1 fará o corredor de infantil de 3 e 5 anos, e o equipo 2 o corredor de infantil de 4 anos, psicomotricidade, AL desa planta, dirección e relixión.
- 2 alumnos/as de outro dos sextos acompañados cada un de 1 alumno de 4 anos recollerán os envases do primeiro andar. O equipo 1 fará as aulas de terceiro e cuarto dese andar xunto co Espazo Maker, e o equipo 2 fará as aulas de primeiro, segundo, AL, PT e polos creativos.
- 2 alumnos do sexto restante acompañados cada un de 1 alumno de 5 anos farán a recollida no segundo andar. O equipo 1 fará o corredor de sexto e quinto C e a biblioteca, e o equipo 2 fará o corredor dos restantes quintos, terceiro C, música.

Depositáranse nos "mini puntos limpos" de cada un dos andares.

- Papel e cartón

A recollida realizarase os venres á volta do recreo do seguinte xeito:

- 2 alumnos/as de quinto A acompañados cada un de 1 alumno (1 de primeiro A e outro de segundo A) recollerán o papel da planta baixa. O equipo 1 fará o corredor de infantil de 3 e 5 anos, e o equipo 2 o corredor de infantil de 4 anos, psicomotricidade, AL desa planta, dirección e relixión.
- 2 alumnos/as de quinto B acompañados cada un de 1 alumno (1 de primeiro B e outro de segundo B) o papel do primeiro andar. O equipo 1 fará as aulas de terceiro e cuarto dese andar xunto co Espazo Maker, e o equipo 2 fará as aulas de primeiro, segundo, AL, PT e polos creativos.
- 2 alumnos de quinto C acompañados cada un de 1 alumno (1 de primeiro C e outro de segundo C) farán a recollida no segundo andar. O equipo 1 fará o corredor de sexto e quinto C e a biblioteca, e o equipo 2 fará o corredor dos restantes quintos, terceiro C e música.

Depositáranse nos “mini puntos limpos” de cada un dos andares.

- **Patrullas ecolóxicas**

Organizaranse dúas patrullas ecolóxicas para cada recreo, compostas por dous alumnos/as do segundo ciclo de Educación Primaria. Percorreran o patio realizando as funcións encomendadas. Irán provistas de chalecos verdes, carriño de xestión de residuos e luvas. Ao rematar a súa labor depositarán os residuos no colector correspondente e deixarán o material preparado para futuras accións.

- **Restos orgánicos e material escolar**

Esta recollida será guiada dende a aula cando esta o considere convinte, debido as peculiaridades de cada unha delas. Os colectores de materia orgánica e a instalación de material escolar estarán situados na primeira planta.

AVALIACIÓN

Para avaliar a correcta implantación deste plan, realizarase un seguimento continuo do mesmo, facendo cando menos unha valoración trimestral e unha memoria ao final do curso. Valoraranse posibles deficiencias e carencias, proporáanse actuacións de mellora, acordos e novas accións de sensibilización ou formación que sexan precisas.

Para facilitar a valoración propónse a seguinte táboa:

| | Sempre | Ás veces | Nunca |
|--------------------------------------|--------|----------|-------|
| Envases | | | |
| Depositáanse no lugar correcto? | | | |
| Fano as persoas designadas para elo? | | | |
| Observacións: | | | |
| Papel e cartón | | | |
| Depositáase no lugar correcto? | | | |
| Fano as persoas designadas para elo? | | | |
| Observacións: | | | |
| Materia orgánica | | | |
| Depositáase no lugar correcto? | | | |



| | | | |
|--------------------------------------|--|--|--|
| Fano as persoas designadas para elo? | | | |
| Observacións: | | | |
| Material escolar | | | |
| Deposítase no lugar correcto? | | | |
| Fano as persoas designadas para elo? | | | |
| Observacións: | | | |
| Aulas | | | |
| Hai papeleiras suficientes? | | | |
| Úsanse axeitadamente? | | | |
| Observacións: | | | |
| Corredores | | | |
| Hai papeleiras suficientes? | | | |
| Úsanse axeitadamente? | | | |
| Observacións: | | | |
| Despachos | | | |
| Hai papeleiras suficientes? | | | |
| Úsanse axeitadamente? | | | |
| Observacións: | | | |
| Patio | | | |
| Hai papeleiras suficientes? | | | |
| Úsanse axeitadamente? | | | |
| Observacións: | | | |
| | | | |
| Pavillón | | | |



| | | | |
|-------------------------------------|--|--|--|
| Hai papeleiras suficientes? | | | |
| Úsanse axeitadamente? | | | |
| Observacións: | | | |
| | | | |
| Biblioteca e Polos Creativos | | | |
| Hai papeleiras suficientes? | | | |
| Úsanse axeitadamente? | | | |
| Observacións: | | | |
| | | | |

| | Si | Ás veces | Non |
|---|----|----------|-----|
| O baleirado nos colectores faise axeitadamente? | | | |
| O sistema de reciclaxe funciona ben a nivel xeral? | | | |
| O sistema de reciclaxe é doado de levar a cabo para a comunidade educativa? | | | |
| O plan contribúe a concienciar sobre o aproveitamento do material escolar? | | | |
| O plan contribúe á redución do uso de plásticos? | | | |
| Obsérvanse melloras na xestión enerxética? | | | |
| Obsérvanse melloras na xestión da auga? | | | |
| As actividades de repoboación teñen boa acollida? | | | |
| As actividades de horta escolar teñen boa acollida? | | | |
| Ofértanse actividades formativas interesantes ao profesorado? | | | |
| Difúndense exemplos de boas prácticas entre a comunidade educativa? | | | |
| Préstase un asesoramento axeitado á comunidade educativa? | | | |
| Observacións: | | | |
| | | | |



| | | | | | |
|--|--|--|--|--|--|
| Motivación das persoas voluntarias | | | | | |
| Traballo en equipo | | | | | |
| Aceptación do plan por parte da comunidade educativa | | | | | |

ANEXOS

PROXECTO DE BIBLIOTECA

**CEIP PLURILINGÜE VICENTE OTERO
VALCÁRCEL
CURSO 2023 – 2024**

ÍNDICE

| | |
|---|----|
| 1. XUSTIFICACIÓN | 2 |
| 2. ANÁLISE DA SITUACIÓN REAL DA BIBLIOTECA E DAS NECESIDADES MÁIS URXENTES EN MATERIA DE FONDOS, EQUIPAMENTO, MOBILIARIO E OUTROS | 2 |
| 3. OBXECTIVOS (REALISTAS E CONCRETOS) | 4 |
| 4. TIPO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO PREVISTO | 4 |
| 5. OPTIMIZACIÓN DOS ESPAZOS, ORGANIZACIÓN E AUTOMATIZACIÓN DOS FONDOS | 5 |
| 6. ACTUACIÓNS PREVISTAS NOS SEGUINTEs ÁMBITOS | 6 |
| 7. HORARIO PREVISTO DE ATENCIÓN ESPECÍFICA (RESPONSABLE E INTEGRANTES DO EQUIPO DE APOIO) | 12 |
| 8. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN. INDICADORES QUE SE TERÁN EN CONTA E INSTRUMENTOS QUE SE VAN UTILIZAR | 12 |

1. Xustificación

O Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia expón no seu preámbulo que o título III *"dedícase a diferentes plans educativos relevantes e estratéxicos para o sistema educativo galego, entroncados cos compromisos asumidos polos distintos sistemas a nivel europeo no Marco para a cooperación europea en educación e formación, e coas necesidades propias dun sistema destinado a proporcionarlle ao alumnado as competencias cruciais para as cidadás e os cidadáns do século XXI"*. Varios destes aspectos regulados neste apartado están relacionados con este plan de biblioteca sobre todo os que teñen que ver co fomento dunha aproximación á lectura e do proceso de educación dixital *(o que se considera factor esencial para facilitar cambios metodolóxicos que proporcionen novos elementos e oportunidades para o éxito educativo en Galicia)*.

O artigo 33 do citado decreto fálanos da necesidade de que todos os centros escolares contén cunha biblioteca escolar e tamén de que se elabore este documento coa finalidade de promoverla *"como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe"*. Dinos tamén que *"a biblioteca escolar será un punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilitará a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes, o traballo colaborativo e os intercambios culturais no centro, ademais de servir como instrumento de apoio para o desenvolvemento do plan de lectura"*.

A importante labor que cumpre a biblioteca queda plasmada nas 128 veces que aparece no currículo o propio nome. Nas áreas das linguas, por exemplo, os bloques 4 e 5 falan especificamente de dous aspectos que están directamente relacionados con ela: a alfabetización mediática (que enlaza coa elaboración de proxectos interdisciplinares) e a educación literaria (converténdoa en espazo de lecturas compartidas). Estes dous bloques inclúen criterios de avaliación específicos e contidos que teñen que ver co uso da propia biblioteca tanto físico como documental.

Por todas estas razóns vemos necesario elaborar este proxecto de biblioteca como documento marco da mesma.

2. Análise da situación real da biblioteca e das necesidades máis urxentes en materia de fondos, equipamento, mobiliario e outros

No noso colexio levouse a cabo nos últimos anos unha renovación grande da biblioteca liderada polo interese de varias mestras e acelerada pola obra de eficiencia enerxética acometida no centro que implicaba recoller e desmontar todo o que alí había. Ademais o

programa MEIGA estaba moi desordenado e aínda estaban de alta libros que xa non existían ou que levaran para o instituto. Con esta realidade aproveitamos para facer un gran expurgo, reorganizar o espazo e catalogar de novo os fondos (máis de 5000). Somos ademais centro PLAMBE dende 2005 e incorporámonos a novos programas da Asesoría de Bibliotecas escolares como a Radio, Lectura e Familias ou o Club de lectura.

Dende o curso 18/19 levamos a cabo proxectos documentais integrados de centro con diferentes temáticas elixidas a través das enquisas, do Consello da Infancia ou polo equipo da biblioteca e con implicación das familias, do profesorado, alumnado e do Concello de Carral. Os traballos preséntanse nunha feira final que foi cambiando de formato segundo as circunstancias.

No curso pasado 22/23, aprobouse en Claustro e Consello Escolar un novo proxecto lector de centro acorde coa realidade actual e podemos dicir que a nosa biblioteca está ben equipada se ben serían necesarias algunhas melloras:

- Temos falta de espazo pois somos un centro moi grande e os nenos/as demandan máis lugares para sentarse.
- A biblioteca está no segundo andar. Cando se fixo a remodelación pensouse en que se nalgún momento se quixera se puidera trasladar, por iso hai tarima no chan e a división da radio é de pladur. Cremos que o lugar da biblioteca é a planta baixa, con acceso ao exterior a través dunha porta cara o corredor cuberto que vai ao pavillón, sen escaleiras e aberta á comunidade.
- Ademais, a zona de ordenadores é pequena e non funcionan moi ben polo que deberíamos renovar o espazo de procura de información.
- Os libros de literatura infantil de tixolo verde deberían ser renovados e mercar máis fondos.
- Sería necesaria maior colaboración da comunidade educativa en xeral, que as familias se acheguen á biblioteca para ler e que os nenos e nenas sexan máis lectores.
- A implicación de todo o profesorado na educación literaria e na alfabetización en medios é fundamental pero somos conscientes de non chegar a todos/todas e de que vai ser moi difícil facer cambios a nivel metodolóxico se non hai un proxecto educativo de fondo.
- Non temos no centro un programa como tal de alfabetización e tratamento da información que implique a todo o alumnado e profesorado.

- Necesitamos persoas definitivas no centro e un claustro proactivo que se implique na biblioteca tanto no seu uso como na súa dinamización para que este sexa o proxecto de todos e todas e teña continuidade.
- Somos conscientes de que non lle estamos sacando o partido que deberíamos á plataforma E-LBE e á lectura en pantalla..
- Necesitamos colaborar máis coa Biblioteca Municipal de Carral e mellorar o funcionamento da Comisión de Biblioteca no seo do Consello Escolar.

3. Obxectivos (realistas e concretos)

- Promover a lectura e a escritura. Escribir e ler máis e mellor dende o erro como a oportunidade de aprender e respectando as etapas da lingua escrita.
- Incluír na vida pedagóxica do centro a alfabetización mediática e informacional, a visión crítica e a aprendizaxe colaborativa a través dos proxectos documentais integrados (aprendizaxe por proxectos).
- Promover a atención á diversidade dende a perspectivas de accesibilidade física, cognitiva e inclusiva.
- Promover as diferentes linguaxes: de programación, musical, artística, lúdica...
- Acadar unha maior participación das familias e de toda a comunidade educativa.
- Ser referente cultural e centro creativo de aprendizaxes.
- Converter a biblioteca no corazón da actividade escolar como centro de recursos.
- Dar importancia á avaliación inicial, final e formativa das actividades propostas.

4. Tipo de organización e funcionamento previsto

- Os titores/as informarán nas reunións iniciais das actividades da biblioteca e poderán estar acompañados dalgún membro do equipo se así o precisan.
- Teranse en conta as recomendacións do profesorado e do alumnado para mercar fondos pasando uns filtros de idoneidade (sen estereotipos sexistas e con calidade literaria) priorizando os textos en galego e aqueles fondos aos que non sexa fácil acceder para presentar así novos modelos de lectura.
- Todas as aulas terán á súa disposición unha hora para ir a facer empréstitos e outras actividades relacionadas coa lectura, charlas, talleres, encontros... No caso de que se fixeran outras actividades externas que coincidan coa hora de préstamo será estas as que terán prioridade.
- Para a elaboración dos horarios da persoa coordinadora e dos membros do equipo de apoio teranse en conta as instrucións de comezo de curso da Dirección Xeral de

Ordenación e Innovación educativa e a orde PLAMBE. Así: *“Unha vez distribuído o horario de atención directa ao alumnado, a dirección do centro deberá dar prioridade á biblioteca escolar e asignar horas lectivas e complementarias ao responsable da biblioteca e ao profesorado do equipo de apoio, axustadas ao labor que estes docentes realizan en beneficio de toda a comunidade educativa, a efectos de facer rendibles os importantes investimentos realizados nas bibliotecas e de velar polo cumprimento das funcións que lles corresponden no centro educativo”*. Este horario concretarase no plan anual de lectura, nas liñas prioritarias e nas NOFC do centro.

- Todas as actividades nas que sexa posible contarán con recomendacións de lectura e estarán baseadas na literatura.
- Ademais faranse formacións para o profesorado novo a principio de curso, elaborárase un díptico informativo e faránselles chegar os materiais, ligazóns e outros documentos necesarios a través do email.
- Os itinerarios lectores servirán de guía no caso de que se establezan nos diferentes niveis libros de lectura obrigatoria.
- A persoa coordinadora da biblioteca formará parte da CCP e da reunión de coordinadores.
- Procurarase que haxa unha persoa de cada nivel educativo no equipo de biblioteca e priorizarase este pola carga de traballo que supón, pola inversión económica e por ser o centro de aprendizaxes do colexio tal como establece a orde PLAMBE no seu Preámbulo. *“A biblioteca escolar debe converterse nun centro neurálxico de aprendizaxe dos saberes básicos e da adquisición de competencias, que ofrece recursos tanto para compartir, reflexionar e expresar preferencias persoais ao redor da lectura, como para impulsar a innovación, a creatividade e o pensamento crítico da comunidade educativa”*.
- A biblioteca permanecerá aberta polas tardes segundo os criterios das NOFC.

5. Optimización dos espazos, organización e automatización dos fondos

A nosa biblioteca conta con diferentes espazos para promover o uso da lectura:

- **O espazo exterior:** Adicado á lectura por pracer, onde se atopan os libros de tipo literario distribuídos en distintas seccións: cómic, poesía, inglés e narrativa (esta última dividida por idades e diferenciada por tres cores)
- **O espazo interior:** Zona creativa e informativa con mesa de luz, chroma, espazo de construción, tablets, ordenadores e pizarra dixital, libros informativos e materiais manipulativos.

- **Radio.** Localizada dentro da zona informativa, conectada á megafonía do colexio e con espazo para catro locutores e un técnico de son.
- O **punto de lectura** no vestíbulo do centro onde se atopa un andel de libros para os/as nenos/as e outro para as familias.
- O **recuncho da calma** do primeiro andar.
- **Espazo Maker no 1º andar.** Pendente de dinamizar.
- **Espazos de lecturas nas aulas.** Cada aula poderá ter a súa biblioteca cos empréstimos da biblioteca central pero todos os fondos deberán estar dispoñibles no espazo físico da biblioteca co fin de que se poidan usar por diferentes aulas. Tentarase que estes fondos sexan de calidade filtrando temáticas e ofrecendo novas lecturas ao alumnado máis alá dos "bestseller".
- **Polos creativos,** que conta con recursos da biblioteca (libros de manualidades, papiroflexia, tangrams...) para que o alumnado poida manipularlos.

6. Actuacións previstas nos seguintes ámbitos

A. Xestión técnica e organización.

A catalogación dos fondos levarase a cabo por dúas ou tres persoas membros do equipo que unificarán criterios. A biblioteca contará cunha hora mensual para a reunión do seu equipo no cómputo de horas complementarias fixas e, se fora posible, tamén dentro do horario escolar.

B. Formación para o uso, tratamento e produción de información.

Farase unha formación de usuarios para alumnado que incluírá aspectos fundamentais do tratamento da información e a alfabetización mediática e informacional e tamén de orde e organización da biblioteca (CDU, criterios de clasificación...) Ademais os mestres farán as programacións tendo en conta o proxecto de centro e os criterios que falan do tratamento da información que deberá ser traballada na aula de forma sistemática tal como marca a lexislación.

Enviarase material elaborado polo equipo de biblioteca a principio de curso para poñer en valor este tipo metodoloxías.

Un exemplo da presentación feita ao inicio do curso pódese ver [AQUÍ](#). Esta deberá ser revisada periodicamente alomenos unha vez ao iniciar o curso e deberá tamén estar accesible a profesorado e alumnado.

Ademais no intento de facer ao alumnado produtor e non so consumidor a radio escolar é un recurso inmejorable para a alfabetización en medios. A formación do alumnado

na radio empezará canto antes mellor e, no caso de contar con formacións externas, será en 4º ou 5º de EP (preferiblemente non en 6º) para que un alumnado poida formar ao outro.

C. Formación de usuarios.

- Formación para docentes. Reunión do equipo docente no que se explicará: O uso do KOHA, os espazos, recursos e organización da biblioteca, o PDI e a radio escolar, entre outros.
- Formación para alumnado. No mes de setembro e nunha hora para cada aula. Un exemplo de presentación para a formación de usuarios que deberá ser mellorada e actualizada cada ano será [esta](#).
- Formación para alumnas e alumnos colaboradores da biblioteca escolar. Nunha ou varias horas de ler para o alumnado de 5º e 6º.

D. Programas de formación para a competencia informacional e mediática.

Darase información a principio de curso a través da formación de usuarios para o alumnado e do correo electrónico para o profesorado. Tentarase elaborar un programa máis sistemático para este apartado tal como aparece recollido no punto 2 (necesidades de mellora).

A materia de proxecto competencial é unha moi boa oportunidade para implantar este programa xa que coincide nos seus contidos e criterios cos principios da alfabetización mediática e informacional.

E. Proxectos de carácter interdisciplinario ou outros.

No centro levarase a cabo cada curso escolar un Programa Documental Integrado (PDI). A través deste PDI, impulsado dende a biblioteca do centro, promoverase a metodoloxía de traballo por proxectos, favorecendo o tratamento transversal de contidos, o enfoque interdisciplinario e a atención á diversidade tal como establecen as medidas ordinarias no *Decreto 229/2011 do 7 de decembro e a orde do 8 de setembro de 2021 (Artigo 45. Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión)*.

A temática de dito PDI será escollida, ben polo alumnado a través dunha votación nas aulas, ou polos docentes en caso de detectarse necesidades específicas.

F. Actividades para o fomento da lectura e a comprensión lectora en todas as áreas e materias.

No centro temos establecida despois do recreo a hora de ler, deberán ser 20 minutos adicados á lectura en grupo ou de forma individual e ao comentario da mesma, as aulas contarán con biblioteca de aula específica e teranse en conta os gustos literarios do alumnado co fin que vaia adquirindo a súa identidade lectora.

Cada nivel especificara na concreción do plan anual de lectura como vai fomentar esta en todas as áreas e materias así como as actividades literarias coas que contará.

Dende a biblioteca promoveranse itinerarios lectores diversos aumentando os que xa contamos:

- Itinerario lector xeral con recomendacións dos diferentes xéneros literarios tamén en lingua inglesa.
- Itinerario lector relacionado coa diversidade.
- Itinerario lector dende o feminismo.

Crearanse folletos informativos sobre as diferentes tipoloxías textuais ou orais de apoio as actividades do centro e tamén daranse pautas para a comprensión lectora como [estas](#) ou [estas](#).

Ademais organizaranse acompañamentos lectores entre aulas e encontros con autores.

G. Apoio ao desenvolvemento do Plan de lectura do centro (en materia de lectura, escritura e habilidades no uso, tratamento e produción de información).

Como apoio ao desenvolvemento do plan de lectura do centro elaborárase cada ano o plan anual de lectura como concreción do mesmo cos seguintes epígrafes:

1. Obxectivos.
2. Organización de espazos e tempos para a lectura e para o traballo coa información.
3. Liñas de actuación prioritarias.
4. Seccións.
5. Rutinas de lectura.
6. Recursos humanos que interveñen nas actividades de fomento da lectura.
7. Itinerarios lectores.
8. Actividades programadas e temporizadas.
9. Ler en familia. Actividades para a implicación das familias.
10. Seguimento e avaliación.

Teranse ademais en conta para a elaboración do mesmo as liñas prioritarias de cada curso aprobadas en Claustro e en Consello Escolar e que son indispensables para a continuidade no PLAMBE.

H. Apoio a outros programas e proxectos de aula/centro.

A biblioteca escolar será un centro de recursos para as diferentes propostas levadas a cabo no centro.

Faranse recomendacións, compilacións de fondos documentais relacionados con actividades levadas a cabo nas aulas, impulsadas polos equipos de traballo (reciclaxe e medio ambiente, EACE, convivencia...)

No empeño de converter a biblioteca en centro de creación haberá unha especial colaboración co equipo de Polos Creativos (linguaxes de programación) e tamén co equipo TIC no tócate á alfabetización en medios.

Ademais tamén nos coordinaremos co EDLG tendo en conta que dende a biblioteca se impulsará o galego tanto no clube de lectura, nos fondos mercados, na radio, nas Letras Galegas...

Trataremos de ter un apartado especial para o alumnado do 3º ciclo dentro do Edixgal. Dende a biblioteca tamén se contribúe ás propostas do equipo de Convivencia e Benestar, creado no curso 2023-24 con bibliografía relacionada coa mediación de conflitos, benestar emocional, recursos para o espazo da calma...

En canto ao plurilingüístico: dende a biblioteca contribúese ao programa plurilingüe a través da adquisición de fondos en lingua estranxeira.

Cabe destacar que para acadar un bo funcionamento do centro e co fin de non sobrecargar de actividades mecánicas ou pouco significativas para o alumnado haberá unha reunión mensual de coordinadores de equipos.

I. Apoio ao estudo e ao desenvolvemento do currículo das distintas áreas e materias e outras actividades desde a biblioteca para a compensación das desigualdades sociais e a correcta atención á diversidade.

Como apoio ao desenvolvemento do currículo promocionaranse os libros e novidades que vaíamos incorporando e faranse guías de lectura. Ademais estas guías serán temáticas e tratarán tamén temas que teñen que ver coa atención á diversidade como as de temática LGTBI, feministas, valores éticos e sociais... e outras que promovan a inclusión educativa.

A biblioteca seguirá pendente da organización dos espazos seguindo criterios DUA e a sinalética estará en pictogramas para favorecer a comprensión para aquel alumnado que non saiba aínda ler. Teremos en conta ao alumnado con NEE e no caso de que houbera casos de cegueira ou xordeira a biblioteca tería que adaptarse, por exemplo, con sinalética en Braille.

Priorizárase a compra daqueles libros que falen de diversidade con calidade literaria e sen estigmatizar fuxindo dos "libros para..."

Ademais os recursos utilizados deberán estar en boas condicións para que todos teñan acceso a materiais de calidade e a aqueles que son de difícil xeneralización.

Proporase que as actividades sexan de lectura fácil así como a compra de libros que sigan estes criterios para favorecer o acceso á información.

Sería interesante neste sentido que formaran parte do equipo da biblioteca membros do departamento de orientación.

J. Accións para a integración da cultura impresa/cultura dixital. Multialfabetismos.

No centro temos varios dispositivos para lectura de libros electrónicos pero non se están usando. Cremos que, de momento, a literatura que hai nas plataformas dixitais non é moi variada para os niveis iniciais e que ademais a lectura nestes dispositivos é menos profunda tal como mostran varios estudos.

Ao estar na etapa de primaria parécenos máis importante priorizar outro tipo de actividades máis analóxicas para afianzar a comprensión lectora que axude a unha posterior lectura dixital. De todas formas somos un centro E.dixital polo que o alumnado de 5º 6º de primaria pode acceder á plataforma E-LBE a través dos seus dispositivos.

Dende a biblioteca darase tamén importancia á linguaxe musical, á de programación a través de Scratch ou Code e á plástica e visual (uso do chroma, teatro, fotografía, cine...).

K. Difusión dos recursos dispoñibles na biblioteca.

Ensinarase a alumnado e profesorado a usar o catálogo online a través da plataforma Koha.

Ademais publicaranse recursos na páxina web do centro e blogs de biblioteca como os dos clubs de lectura ou lectura e familias e tamén nas redes sociais ou Abalar.

Faranse exposicións temporais na biblioteca escolar polas conmemoracións que se estimen oportunas e nas que interese mostrar as coleccións.

Poderá facer unha caixa de libros na sala de mestres para achegar as novidades ao claustro.

O recuncho de lectura da entrada do centro incluírá tamén libros para as familias.

L. Implicación das familias e colaboración con outras bibliotecas.

Seguiremos inmersos no programa Lectura e Familias achegando ás familias ao centro con charlas informativas, actividades literarias conxuntas... para os que se terá sempre en conta criterios de conciliación (con actividades alternativas para nenos e nenas, por exemplo). Asemade, dinamizaremos a colección de adultas relacionadas coa educación a través de maletas viaxeiras e con horario aberto ao público en horario lectivo a unha primeira ou última hora (ou ámbalas dúas) sempre e cando o permita a organización horaria do centro. No punto de lectura da entrada haberá tamén unha exposición destes fondos.

No eido deste programa nas enquisas ás familias de fin de curso sobre a biblioteca e nas reunións iniciais coas mesmas pedirase a colaboración para dar charlas, contacontos ou outro tipo de actividades. Cremos que este primeiro contacto é un lugar e momento apropiado para explicar o funcionamento da biblioteca e mesmo do PDI para o cal se sería ideal pedir tamén colaboración.

Temos a comisión de biblioteca no seo do Consello Escolar coa intención de promover unha maior comunicación e coordinación coa biblioteca do Concello que usaremos máis e mellor. Sería interesante que nestas reunións poder contar tamén coa coordinadora do IES e da Galiña Azul para organizar actividades intercentros.

Dende as redes sociais da biblioteca do noso centro compartiremos actividades e/ou propostas doutras bibliotecas da contorna. Cremos tamén que a páxina web do centro a través das diferentes publicacións, os trípticos de lectura e a actualización das redes sociais é unha boa canle de comunicación coas familias.

Para fomentar a lectura entre as familias contamos con mochilas viaxeiras ata 3º de Educación Primaria que poderemos ampliar, dúas por aula que se irán rotando entre o alumnado.

Durante estes anos tivemos visitas doutras persoas bibliotecarias e fomos visitar outras, neste sentido atopamos moi enriquecedores os Encontros PLAMBE que se celebran todos os anos e aos que sempre acudirán, alomenos, unha persoa do equipo e biblioteca e, se puidera ser o caso, alguén do equipo directivo.

Sería interesante poder aumentar o uso da biblioteca pola tarde por parte das familias máis alá das actividades organizadas e no horario aberto ao público de martes a venres.

M. Dinamización cultural do centro en materia de lectura e extensión cultural: presentación de libros, recitais, lecturas públicas, edicións de boletíns informativos, etc....

Proporanse visitas de autores para todos os niveis así como doutras persoas que poidan aportar informacións para o PDI. Tamén se farán boletíns informativos para mestres, familias e alumnado.

Nas diferentes conmemoracións relacionadas co calendario do libro e da lectura de Galicia as actividades que saian do equipo da biblioteca terán que ver con recitais, acompañamentos lectores entre clases de tipo temático, maratóns lectores... e todas aquelas actividades que teñan como base a lectura, a literatura e tamén os libros informativos.

N. Outros.

A radio escolar formará parte da vida do centro con actividades de programas en directo, podcast ou entrevistas. A radio é un recurso esencial para traballar a oralidade e resulta moi motivadora ademais de servir como produto final das investigacións feitas nas aulas así como un lugar de encontro con autores ou persoeiros.

7. Horario previsto de atención específica (responsable e integrantes do equipo de apoio)

Promoverase que haxa un maior número de integrantes no equipo de biblioteca do que hai no resto dos equipos dada a cantidade e variedade de programas asociados á biblioteca.

A persoa coordinadora contará cunha sesión diaria adicada á biblioteca e cada membro do equipo con, alomenos, unha sesión de dinamización para a organización da biblioteca, actividades de formación, propostas relacionadas coa lectura... e outras actividades afíns á mesma.

8. Criterios e procedementos de avaliación. Indicadores que se terán en conta e instrumentos que se van utilizar

Ao finalizar o curso escolar, e tantas veces sexa necesario ao longo do ano, faranse enquisas para avaliar o traballo da biblioteca que contarán con preguntas sobre o PDI, sobre as actividades realizadas e tamén propostas de mellora (entre outras). Para facer estas preguntas teranse en conta os obxectivos enunciados nesta proxecto de biblioteca que

poderían funcionar como indicadores de logro. Estas enquisas serán para alumnado, profesorado e familias.

Para realizar estas enquisas empregárase *Google Forms* ou outra plataforma dixital que permita facelas en liña.